
GUADALUPE 2017
o barquiño que a trouxo
era de pau de laranxo
Rianxo, do 8 ao 15 de setembro


Asesoría Barraña, sl
981 849 930
administracion@grupobarrana.es
BOIRO
VIAJESBARRAÑA
981 849 930
lui@grupobarrana.es
BOIRO
Cruceiro
ASESORIA
SEGUROS
981 863 430
contabilidad@grupobarrana.es
RIANXO
Cruceiro
COMUNIDADES
981 863 430
comunidades@grupobarrana.es
RIANXO
SANMARTIN
CORREDURÍA DE SEGUROS
981 860 634
rianxo@sanmartingestion.es
RIANXO
Felices Festas

# Índice de contidos

Saúda do alcalde.......... 3
Saúda da Comisión de Festas.......... 5
**Apuntes da vida mariñeira nas rías galegas (1907-1910)**
X. Ramón Brea Rei.......... 7
**O santuario da virxe de Guadalupe do Tremo (Os Ánxeles - Brión)**
Clodio González Pérez.......... 17
**Por que desapareceu o Castelo da Lúa?**
Óscar Reboiras Loureiro.......... 25
**Capela de San Pedro e Nosa Señora de Guadalupe (Lugar de Vilas - Asados)**
Xosé Comoxo.......... 31
**Rianxo e Galicia no berce de Europa**
Iago Hermo.......... 37
**A casa dos Dieste**
Helena Villar Janeiro.......... 39
**Non te embarques rianxeira...**
Sandra Ferreiro García.......... 41
**Ollando no alén... Monstros de auga e vento**
Xosé Manuel Lobato.......... 45
**Revista das Festas da Guadalupe de 1953**
xentileza de José Carballo.......... 49
**Tres historias para ler e pensar**
X. Ricardo Losada.......... 53
**O cura de Santa María de Leiro, Amaro González, foi anotando os sucesos máis importantes acaecidos en Galicia a mediados do século XVI. O valioso manuscrito apareceu na reitoral desta parroquia rianxeira**
Xesús Santos.......... 59
**Debaixo dos meus trapos**
Marina Losada.......... 67
Relación de anunciantes / Teléfonos de interese.......... 71

**8 VENRES.......... 15**
**9 SÁBADO.......... 21**
ROCK IN RIAN.......... 23
**10 DOMINGO.......... 29**
**11 LUNS.......... 35**
**12 MARTES.......... 43**
**13 MÉRCORES.......... 51**
**14 XOVES.......... 57**
**15 VENRES.......... 65**
RIANXO ON FIRE.......... 69
XIV FEIRÓN MARIÑEIRO.......... 69

**Festas da Guadalupe 2017 pola Asociación "A Moreniña" está licenzada baixo Creative Commons Atribución-Non Comercial-SenObraDerivada 4.0**
http://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/deed.gl:
Vostede é libre de:
Compartir – copiar e redistribuír o material en calquera medio ou formato
O licenciante non pode revogar estas liberdades mentres vostede cumpra os termos da licenza.
Nos seguintes termos:
Atribución – Debe dar o recoñecemento apropiado, fornecer un vínculo á licenza e indicar se se fixeron cambios. Pode facelo de calquera maneira razoábel pero non de maneira que poida suxerir que o licenciante o apoia a vostede ou o seu uso.
Non comercial – Non pode utilizar este material para propósitos comerciais.
Sen derivadas – Se vostede remestura, transforma ou recrea sobre o material, non pode distribuír o material modificado.
Sen restricións adicionais – Non pode aplicar termos legais ou medidas tecnolóxicas que legalmente impidan a outros facer algo que a licenza permite.
Esta licenza aplícase a:
· os textos das colaboracións literarias a favor dos seus respectivos autores, agás as citas a outros documentos*
· os demais textos e imaxes propias a favor da Asociación "A Moreniña"
*Non se aplica ás marcas comerciais e publicidade nin ás imaxes alleas aos autores utilizadas nas colaboracións literarias.

MANUEL VICENTE MOSQUERA E HIJOS S. A.

"LA VIEIRA"®

PÁJAROPINTO

# CONSERVAS DE PESCADOS Y MARISCOS

## ESPECIALIDAD EN : PRODUCTOS DE LAS RÍAS GALLEGAS



Avda. de Galicia 42-44 , Apartado 59
36.620 - Vilanova de Arousa (Pontevedra)
Telf.: 986 55 40 06 - Fax.: 986 55 57 07
mvmosquera@lavieira.com

Búscanos en

# Saúda do alcalde

Veciños e veciñas: regresan un setembro máis as Festas da Guadalupe fieis á súa cita coa nosa vila e co noso concello desde o ano 1854. Son festas de interese turístico galego e veñen marcando, iso sí con moitas variacións e ampliacións desde entón, o calendario vital do noso municipio. Co Campo como eixe por excelencia das celebracións. Xa nas crónicas de Arcos Moldes hai cen anos na prensa da época dicía que adquirían unha especial atracción ás xentes vindas de toda a bisbarra que louvaban a tranquilidade e a alegría que presidían (e presiden) estas celebracións. En especial ese inmenso salón de baile que é a Praza de Castelao e que as orquestras aprecian interpretando o mellor do repertorio para o baile aos milleiros de parellas que se achegan nas sete noites de verbena.

Dez anos van alá do Rianxo Rock, unha proposta consolidada no tempo que nos presenta o mellor do rock galego en directo... Parabéns aos que o fan posíbel, e esas Juadalupeñas, que ao longo dun ano de traballo conseguen desenvolver esta proposta. Cando os artistas saen ao seu escenario concrétase un labor de meses de busca de financiamento, programación e organización.

O programa hoxe sinala oito noites e sete días, moi lonxe da oferta festiva dos comezos da Guadalupe en 1854, presentando propostas para todos os públicos. Salientar o domingo da Guadalupe onde o fervor pola Moreniña agrupa a milleiros de veciños e visitantes que a acompañan polo mar. Os barcos engalanados coa imaxe, as bandeiras, a música a bordo, ateigados de veciñanza, no seu traxecto procesional por ese mar de Rianxo que nos agarima e nos leva a Tanxil. Tamén lembrar o Feirón Mariñeiro e o festival de música tradicional que volveu a súa cita dos xoves. Iso se o tempo non o muda para o domingo e así ampliar un día máis, que moito gusta a festa en Rianxo e haberá quen pida que chova! Mais tamén o encontro de habaneiras, as actividades para as crianzas, a música alternativa do Rianxo on Fire... Ou o día de Padrón, instaurado na Páscua de 1957, despois na Guadalupe, que nun simbolismo especial une a Rosalía e Castelao, Padrón e Rianxo. Ou prestemos a atención da coidada programación de bandas populares e aos encontros coa música e baile tradicional. O díficil é multiplicarse para encaixar onde estar nas festas!

Non podo esquecer que cando estas liñas se escriben a veciñanza de Rianxo está a reclamar desde as rúas e o salón de plenos o que en xustiza nos corresponde: un centro de día para o noso Concello. Transmito a solidariedade e compromiso da corporación en pleno e por unanimidade a esta reclamación que por xustiza e racionalidade nos corresponde e que evitaría o traslado de maiores aos outros concellos. Sirvan estas liñas do libro de festas e que por tanto chega a todas as casas para acompañar esa loita solidaria.

E, pra rematar, coma sempre, un parágrafo final para dar os parabéns ao Presidente, D. Ramón Iglesias, e todos e todas os compoñentes da Comisión de Festas da Guadalupe. Ás Juadalupeñas, ao empresariado local e ás familias e veciñanza de Rianxo. Todos facedes posíbel a maxia dunhas festas recoñecidas en toda bisbarra e o resto do país. A noite final ao son colectivo da Rianxeira con tres orquestras, iluminados cos milleiros de luces das bengalas, será preludio dun ano mellor para todos e todas.

Viva Rianxo e Viva a Guadalupe!

Adolfo Muíños, alcalde de Rianxo.

# FABRICACION DE VENTANAS EN

# ALUMINIO Y PVC

# CERRAJERIA EN ALUMINIO E INOX




**DUPLICADO DE MANDOS**



**ISMER**
**Montaxes**
A Carballeira-Rianxo
C.P. 15920 A Coruña
Tel. 981 866 499

www.ismermontaxes.com

CE
09
EN 14351-1

**100% Financiación**
En cómodas cuotas hasta 5 años[1]
Sin intereses hasta 6 meses[2]

**OTROS PRODUCTOS** :

Mosquiteiras, mamparas de ducha e baño, cubretendais, estores, venecianas, cortinas especiais,toldos,pergolas,duplicado de mandos a distancia, moviliario para terrazas de locales y jardines.

# Saúda da comisión de festas

Veciños, veciñas:

Vén a Guadalupe, outravolta, a pechar o verán, tal coma se fose esta a festa da colleita, que pon fin á estación do letargo estival e inicia a recolleita de froitos.

Esta é, en similar medida, a sensación que ás persoas que compoñemos a comisión de festas nos invade, pois é nesta segunda semana de setembro cando recollemos os froitos de tanto esforzo e traballo para ofrecérvolos a vós e sometelos ao voso criterio.

Criterio que, creádelo ou non, escoitamos e valoramos, sempre. Mais énos, a nós como a calquera, imposible satisfacermos tantas opinións dispares, tantos gustos diferentes. Temos entón que sopesar cada achega valorando todos os factores que finalmente a farán viable ou non: custos, idades ás que vai dirixida, dificultade de realización, recursos adicionais que temos que ter en conta...

Tentamos axustar a oferta de actividades a todas as idades, a todos os gustos; moitas veces, case sempre, quedamos coa sensación de que quedamos curtos, de que poderiamos chegar a máis. Pero aí está a realidade económica para bater contra nós. Malia as axudas institucionais, malia os vosos donativos, que nunca teremos palabras para agradecer en toda a dimensión que merecedes, malia a colaboración de comercios e hostalaría, os gastos derivados das obrigas legais suman e suman: seguros, autores, impostos, certificacións...

Pero non é momento de importunarvos coas nosas queixas porque a festa vai empezar. E esta é a causa final, a finalidade dos esforzos e das vosas achegas. E agora toca gozala e facer, un ano máis, que as Festas da Guadalupe de Rianxo sexan o que són grazas a vós, á vosa forma de vivilas, de sentilas, de bailalas.

E que viva a nosa Moreniña!

Ramón Iglesias Sánchez,
Presidente da Comisión de Festas

**Comisión de Festas da Guadalupe 2016**

Adolfo Muíños Sánchez, alcalde de Rianxo, presidente de honra
Ramón Iglesias Sánchez, presidente
Carlos Ces Ozores, vicepresidente
Alba Comojo Ordóñez, secretaria
Enrique López González, tesoureiro
Roberto Bolaño Amigo
Cristina Ces Comojo
Alejandro Herbón Figueira
Xián Iglesias Pérez
Lorenzo Méndez Noia
José Manuel Rodríguez Vicente

guadaluperianxo.org

**Avisos durante as festas:**

**Telegram**: canle Festas da Guadalupe de Rianxo
telegram.me/guadaluperianxo

**Twitter**: @guadaluperianxo
twitter.com/guadaluperianxo

**Facebook**: Festas da Guadalupe de Rianxo
www.facebook.com/guadaluperianxo

Asociación sociocultural e para o desenvolvemento de Rianxo A Moreniña
ABANCA
galicia
XUNTA DE GALICIA
Deputación DA CORUÑA
Rianxo Concello

# Empresa Flora

## HEREDEROS DE FRANCISCO GEY GONZALEZ, S.L.

AUTOCARES DE ALQUILER
SERVICIOS NACIONALES E INTERNACIONALES



*Deséxalles Felices Festas*

Campo Ribeiro, 13
ASADOS - RIANXO
Tfno. 981 862 119
Móbil: 655 932 030/ 027 / 028
Fax . 981 863 014
www.empresaflora.com
empresaflora@yahoo.es

Certificados ISO da European Quality Assurance

EQA ISO 9001 EMPRESA CERTIFICADA

EQA EN 13816 EMPRESA CERTIFICADA Certificado Nº 8820-E

# Apuntes da vida mariñeira nas rías galegas (1907-1910)

X. Ramón Brea Rei




No ano 2005, o Consello da Cultura Galega publicaba un interesantísimo traballo sobre os pescadores do Cantábrico e Galicia, realizado entre 1907 e 1910, polo contramestre cántabro, Benigno Rodríguez Santamaría. O título do libro, *"Los pescadores del Norte y Noroeste de España, su vida social y particular por provincias"*, publicado en Madrid, Imprenta Alemana, o ano 1916.

A publicación do CCG é un facsímile do orixinal que se conserva no Museo Massó e incorpora unha documentación gráfica de gran valor, tanto polos debuxos relacionados coas artes de pesca, coma polas numerosas fotos históricas dos portos, paisaxes e retratos dos homes e mulleres do mar. Vai acompañado dunha moi documentada introdución de Francisco Calo Lourido, encargado da Sección de Antropoloxía do CCG, de quen recollemos algúns comentarios e achegas históricas sobre o asociacionismo no mundo do mar.

O traballo de Benigno Rodríguez estaba comisionado polo Ministerio da Mariña, para estudar a pesca, pero o autor vai moito máis alá e aproveita para observar os costumes dos pescadores , entre o Bidasoa e o Miño. Así pois, o libro converteuse nunha investigación etnográfica e sociolóxica, observando con detalle os aspectos singulares da vida social, costumes, crenzas relixiosas ou ocupacións de lecer da vida dos pescadores galegos, presentando a súa particular maneira de entender o mundo e, de forma moi especial, a pesca e as súas artes. Como veremos de seguido, hai alusións continuas ao baixo nivel cultural dos pescadores, ás pésimas condicións de vida, o efecto pernicioso do abuso da bebida e á urxente necesidade de fomentar o asociacionismo. Moitos dos temas abordados neste libro, tamén foron unha teima de D. Xosé Arcos Moldes, persoeiro que loitou toda unha vida por mellorar a vida dos seus veciños rianxeiros.

O autor non pode evitar comparar continuamente os mariñeiros das nosas rías cos de Cantabria e o País Vasco, aos que lles dedica moitas máis páxinas e datos. Os galegos case sempre saen perdendo en organización e formación e ata en estatura e capacidade torácica. O estudo das provincias céntrase no censo de 1900 e vai dividido en tres apartados onde aborda a relixiosidade, o alcohol, a incultura, as casas e a hixiene, a muller , as medidas antropométricas, a roupa, a alimentación, as diversións, a pesca, as confrarías e, especialmente, a ausencia de asociacionismo que el considera a causa de tódolos males dos nosos pescadores.

Sobre a constante preocupación de Benigno Rodríguez polo asociacionismo, Calo Lourido di que en 1864 quedan eliminados os gremios de mar, aínda que hai portos nos que decontado se volven crear, coma no Porto do Son, onde o primeiro gremio nacido en 1774, vaise restablecer en 1853. Nos primeiros anos do XX vai haber grandes cambios no mundo do mar cos conflitos pola chegada das traíñas ou a xávega dos fomentadores cataláns. Os mariñeiros veranse na obriga de asociarse, volvendo a unha longa tradición de séculos. O autor fala insistentemente da ausencia case absoluta de asociacionismo na costa galega, cando a realidade era outra, pois entre 1899 e 1902, creáronse tan só na provincia de Pontevedra 42 sociedades mariñeiras.

En España vanse crear dous organismos moi aplaudidos por Benigno Rodríguez, o "Instituto Social de la Marina" e os "Pósitos de Pescadores Marítimos".



Muelles de Villagarcía.

SOLUCIÓNS GRÁFICAS CUARTO I

Carteis, Folletos, Imaxes Corporativas, catálogos,...

CUARTO I

Todo o que poidas imaxinar facémoscho nós.

Consúltenos sen compromiso

graficacuartoi@gmail.com
+34 616 41 13 39
Escanea o QR e visítanos en Facebook
Agradecemos un Me Gusta na nosa páxina

ASESORÍA BcN ABOGADOS

Abogados & Asesores Fiscales

Laboral - Fiscal - Jurídico

Natividad Garcia Laborda
Maria Sieira Abuin





Plz. Dr. Paulino Santos Mieites, nº3
15940 A Pobra do Caramiñal

Tel. /Fax 881 987 963

Don Pancho

Cociña Tradicional Galega

Coa garantía da Calidade Galega

Reservas: Teléf. 981 86 22 11 PAZO - RIANXO

Carnicerías Roberto

Productos de fabricación propia



Calle Rinlo nº9 Calle Paio Gómez Chariño nº2
Tel. 981860073, 981860205

Destes di que *"empezaron a organizarse en 1915 e que son Asociacións cooperativas dos obreiros do mar que perseguen un fin moi bo, como é a supresión dos intermediarios na pesca e a adquisición da propiedade colectiva dos medios de produción".* A primeira confraría de toda a costa española vai ser a de Cambados (1917), e estes pósitos van ter a máxima expansión baixo a ditadura de Primo de Rivera.

De seguido, imos recoller as anotacións e comentarios do autor do libro, Benigno Rodríguez, referidos á vida dos pescadores nas provincias de A Coruña e Pontevedra, en conxunto, polo que el considera que os mariñeiros atlánticos comparten características comúns. Así pois, non temos referencias concretas á provincia marítima de Vilagarcía, agás algúns exemplos do concello de Ribeira cando fala da emigración. Non aparece o porto de Rianxo, pero a información xeral que aporta sobre a vida nas rías, nos anos 1907-1910, é perfectamente extrapolable á vida e traballos das xentes da vila.

Di que o número de pescadores dos 74 portos de mar, entre a ría do Barqueiro e o río Miño, ascende a 31.573 cunha proporción de case 3 pescadores por cada 100 habitantes, cantidade moi alta que el xustifica dicindo que é unha poboación pesqueira máis eventual ca fixa, porque moitos dos pescadores pertencen máis ao mundo do campo e traballan na pesca coma un complemento da vida no agro.

Sobre as embarcacións, os bous, parellas e vapores dedicados á pesca de arrastre de altura son de particulares e as tarrafas, traíñas, xávegas e ata algúns xeitos son propiedade dos fabricantes e fomentadores cataláns que as dedican á pesca, contratando os pescadores durante a costeira e varándoas logo diante das fábricas ata a nova tempada.

A idade á que embarcan os tripulantes, o autor afirma que en Galicia ten visto rapaces de



Provincia de Santander. – Enseres curiosos de las embarcaciones de pesca: 1, remos atravesados con una barra de hierro, cerrada con un candado, para evitar que los roben de las embarcaciones; 2, orza para colocar al costado de sotavento cuando se navega á la vela con viento fresco; 3, timón de las traineras; 4, potada, especie de arpeo con dos palos y una piedra, sirve para fondear en donde hay roca por si hay que picar el cabo que lo sujeta y perderlo, y así se pierde menos que si fuese el arpeo; 5, horquilla de hierro doble para colocar en el costado de las lanchas de bonito y descansar en ellas las alas ó varas por las cuales pasan los aparejos de pesca; la baja sirve para barlovento y la alta para sotavento; 6, aguja del timón; 7 y 10, clases de parrillas usadas en las lanchas del bonito para asar la pesca; 8, guarda aguja ó defensa que se coloca en la aguja, á fin de que ésta no se cierre con los golpes ó embestidas que reciben unas de otras en los puertos que no son muy seguros; 9, aguja ó compás de gobernar, dentro de su caja; 11, cuña para calzar el palo mayor una vez izado, á fin de que no se mueva; 12, gaviete para colocarlo en la roda de proa y pasar por él el cabo del arpeo y levarlo; la soldama de madera que tiene es muy gruesa y fuerte; 13, tarlesta, trozo de madera hueco por dentro, que se coloca en la borda y corren por él los aparejos sin romperse.

sete anos que , posto que non desempeñan traballo a bordo, pensa que os levan para que se afagan ao mar, aprendan a pescar e que non se mareen cando os manden embarcados ás Américas para navegar ou dedicarse ao comercio, e leva cada embarcación das dedicadas á tarrafa, traiñón ou cerco de xareta, de 25 a 30 persoas, ademais dos rapaces, e as outras embarcacións do polbo, congro e demais pesca, de 4 a 6 persoas, quedando cun só tripulante as dornas, botes e chalanas dedicadas ao polbo e pesca de porto e costa.

Da forma de vender a pesca, di que se fai libremente porque non hai Asociacións ou Confrarías, coma no Cantábrico, facéndose , cando se trata de sardiña, no mar principalmente, a onde concorren os barcos dos fomentadores e fabricantes de conservas para comprala. Como curiosidade explica que cando as fábricas necesitan pesca que teñen un sinal, consistente nunha bandeira de día e un farol de noite, colocados na porta da fábrica. Para o resto da pesca di que se vende nos peiraos ou praias por subhasta de pezas ou lotes e mesmo tocan a buguina para avisar á xente de que chegan lanchas con peixe.

Os xornais dependen moito da importancia dos portos ou da abundancia da sardiña, pero segundo a súa información o pescador galego gaña durante os meses de xuño a xaneiro, unha media de 3 pesetas diarias e durante os outros cinco meses de 2 a 2,50. Di que é un xornal superior aos do Cantábrico, engadindo que como moitos deles son labradores e teñen casa e terreos non soen pasar calamidades como lles ocorre aos verdadeiros pescadores de oficio.

Sobre a maneira de vivir e o estado das súas casas, dá unha imaxe desoladora dos que viven nos portos, sen condicións hixiénicas, sen caleado exterior nin interior e sen luz e retretes. Hai sitios onde ademais de non ter sumidoiros, tampouco teñen alumeado público ou só se acenden cando non hai lúa. Di que os porcos pasean polas rúas

DECORACIONES
Martínez
Tfnos. 981 861 555 - 606 333 935
Marquesa, 77 - ASADOS - RIANXO

Susavila.com®
correduría de seguros
Su mejor socio
... en seguros
Rosa Comojo Figueira
GRADUADO SOCIAL
DIPLOMADA EN SEGUROS
RIANXO - C/ Rúa do Medio, 34 - 15920
Tel - Fax: 981 860 098
E-mail: susavila.rianxo@susavila.com
www.susavila.com

CAÑADO
INSTALACIÓNS
ELECTRICIDADE
FONTANERÍA
CALEFACCIÓN
CHAN RADIANTE
RÚA DE ABAIXO Nº6
15920 RIANXO - A CORUÑA
T. 615 38 34 19
CANADO.RIANXO@GMAIL.COM







SUPERMERCADO
Aliprox
OUTEIRO - TARAGOÑA Tlf. 981 86 30 60

e que isto non pode ser san para as xentes e que se non hai máis enfermidades é debido a que a brisa do mar leva os posibles focos de infección.

Do alumeado, afirma que en Galicia ningún pescador emprega a luz eléctrica, botando man de lámpadas de petróleo, acetileno, aceite, velas e o saín que é a graxa obtida ao prensaren os peixes, que a empregaban moito nos candís, porque lla daban os fabricantes e fomentadores gratis.

Tamén lle dedica un apartado á alimentación da xente do mar, concluíndo que é mala, en comparación co norte de España onde se toma un cocido que leva algo de alimento. Pola contra, aquí nas rías o alimento diario é un caldo ao estilo pobre, sen carne nin touciño, tan só leva un pouco de unto, moita verdura, pataca e fabas que o autor considera que non é alimento, xa que carece do esencial. Pola mañá, o almorzo máis habitual en toda Galicia di que é a *"cascarilla"*, a casca do cacao, cocida soa ou con leite. Noutros portos, tamén almorzan patacas cocidas coa tona, os cachelos, con peixe e pan de millo cando o hai.

Fala logo das bebidas e resalta que o leite apenas o toman, criticando o abuso extraordinario que se fai da caña e do anisado. Da primeira denuncia que está feita con alcohois industriais da peor calidade como el mesmo puido comprobar, xa que ao pouco tempo e en contacto co aire escurece completamente, o que considera é un veleno para as xentes do mar, que a "toman por cuarteróns" ao longo do día e ademais tamén abusan moito do tabaco. Comenta que nas tabernas de mar o viño ten moi pouco consumo e incide nos problemas de saúde e de desenrolo físico que trae o consumo excesivo de alcohol.

Segue a descrición do entorno doméstico, reparando no vestiario dos mariñeiros que se compoñía de prendas interiores coma camiseta e calzón, unha *"garibaldina de Mahón"*, azul escuro e sobre ela roupa de paisano de pano, é dicir, pantalón e chaqueta, rematando o conxunto coa boina. De calzado usan, o máis corrente, a zoca aberta nuns sitios e noutros con polaina para escorrer a chuvia, tanto no verán coma no inverno; pero nalgúns portos andan descalzos, tanto eles coma a muller e os fillos.

A muller usa moito o pano á cabeza e o peiteado, *"sin excepción"*, fano formando unha trenza de tres cordóns que lle colga sobre o lombo, suxeitando o pelo na parte alta cunha cinta que sae da caluga e sobe por detrás das orellas ata atarse no medio da cabeza. Os días de festa usan para ir á misa o mantelo negro con dúas tiras de veludo.

Trata logo o tema da muller traballadora, contando que unhas venden a pesca dos seus homes e outras traballan nas fábricas de salgadura, conserva e escabeche, onde gañan de 1 a 2 ptas. ao día. Destaca que nos portos da Costa da Morte, as mulleres gañan un sobresoldo co traballo de palilleiras.

O tempo de inverno a pesca da sardiña desaparece e di que os pescadores teñen moitos problemas de supervivencia tendo que recorrer a préstamos en metálico e especies que lles fan os armadores ou os patróns das embarcacións e por non saberen ningún oficio o único que fan é pasearen ou estar nas tabernas.

No capítulo de instrución e educación, Benigno Rodríguez considera que os pescadores galegos están atrasadísimos e non ve cambios a curto prazo porque para el hai dúas causas principais: a falta de comunicacións entre os portos e os núcleos importantes de poboación e o dedicar á pesca aos rapaces cando apenas aprenderon a ler e escribir. A falta de instrución xunto ao *"exceso de las bebidas blancas"* fan que os nosos pescadores estean en peores condicións que os seus compañeiros do Cantábrico, tanto en instrución, educación, desenrolo físico coma na mellora da raza.

En canto aos costumes relixiosos, conta que profesan a relixión católica, pero que, particularmente na ría de Pontevedra, tamén profesan a protestante e o motivo é, segundo el, que lle dan instrución gratis aos seus fillos na principal capela evanxélica de Marín. Considera que as persoas moi relixiosas son tamén máis educadas pois *"la religión católica es un medio también de educar al hombre, debido a que sus preceptos no inducen al mal"*. De novo considera as xentes do mar coma blasfemas e amigos de proferir palabras groseiras, especialmente nas tabernas onde discuten e se insultan acaloradamente.

De seguida pasa a recoller unha crenza supersticiosa, o chamado bautismo prenatal, moi común na zona de Cangas. Alí hai unha ponte cun cruceiro, alumeado cun farol, que consideran moi milagreiro, a onde van as mulleres a piques de parir, acompañadas de familiares que obrigan á



Coruña. — Puerto de Noya.


A´LAREIRA
WINE CORNER
Nova zona de viños
Tfno. 981 86 31 52
O PAZO - RIANXO


ludoteca
agarimo
Begoña Tubío Barreiro
Móvil: 687 332 809
e-mail: ludotecaagarimo@gmail.com


Clínica
Dental
ORTODONCIA
IMPLANTOLOXÍA
PRÓTESES
ODONTOLOXÍA
INFANTIL
Dra. Claudia Stan
Especialista en ORTODONCIA
Dr. Fernando Rey Albarellos Col. nº 926
ODONTOLOXÍA XERAL. Especialista en CIRURXÍA ORAL
Ana Magariños Pardal HIXIENISTA
Rúa Rinlo 15 baixo - RIANXO - Tfno. 981 866 208


Panadería
Pireta
DESDE 1938
Panadería
Tradicional
de Leña
647 901 389
C/ Tanxil nº6 Rianxo
(Fronte ó Auditorio)

primeira persoa que pase ás doce da noite a baixar ao río a coller auga e botarlla á muller polo peito. Asómbrase desta estraña cerimonia baseada na fe das persoas.

Tamén fai referencia a datos físicos como a estatura, indicando que a media dos pescadores galegos é de 1,59 m, pero que teñen pouco perímetro torácico, 92 cm, concluíndo que son pequenos e de pouco desenrolo físico. Tamén os describe pálidos e amarelos por efecto da anemia que os consome, debido á falta de alimentación e a moita bebida que lles fan perder o estómago, o apetito e a saúde.

Describe as distraccións dos días santos, nas que ademais das afeccións favoritas, a baralla e a taberna, comenta que nas rías de Vigo e Pontevedra aprenderon da escuadra inglesa que fondea nelas, *"el juego de pelota al pie"* que está creando moita afección entre a xuventude. A escuadra inglesa non só asustaba de noite á xente da vila coas súas luces no medio da ría, como recolle Castelao en *"Cousas"* , tamén trouxo o fútbol a Vilagarcía e de alí espallouse polas rías coma o lume nun pallal. Das mulleres di que pasan o tempo paseando ou bailando ao ritmo da gaita ou acordeón.

A terceira parte do informe dedícao ao pescador na sociedade e na emigración, resaltando a falta de asociacións e confrarías, tan frecuentes no Cantábrico. Denuncia que o pescador galego é simplemente un obreiro que traballa boa parte do ano contratado a xornal, pero sen artes nin barcos propios, dependendo sempre dun patrón e pensa que isto non debe ser o seu porvir.Porto e baía de Muros.jpg

Sobre a emigración comenta que aínda que non hai unha emigración tan masiva coma no interior de Galicia, os portos galegos dan un bo continxente de emigrantes ás repúblicas sudamericanas, e outra boa parte para a navegación nos Estados Unidos, onde se enrolan coma mariñeiros e fogoneiros mercantes, e algúns tamén como tripulantes dos barcos de guerra de Chile e Arxentina, en particular os mariñeiros de Ribeira, Carreira, Palmeira e Corrubedo. Destaca que hai portos coma o de Fisterra cun millar de pescadores emigrados e considera que é debido á escaseza da pesca de sardiña, tan abundante vinte anos atrás, e que agora está sendo sobreexplotada . Para demostralo, o mesmo autor, noutra obra máis completa sobre a pesca en España, inclúe esta cita: *"todavía recuerdo yo en el año 1886 ver pescar la sardina dentro de la ría de Vigo, que cargada en carros, mezclada con cal viva, la llevaban para abono de las tierras de labor de las afueras de la ciudad, porque no había quien la comprase"*.

Remata a publicación co apartado *"Mi modesta opinión respecto al pescador gallego"* e que xa vimos adiantando nas notas anteriores. Visión moi negativa dos pescadores, tanto na instrución e educación, como na explotación da pesca e asociacionismo. Di que non teñen organización para xuntarse e defender os seus intereses con sociedades cooperativas que mellorarían as súas condicións de vida e traballo. Pon como exemplo de organizacións as dos obreiros belgas e ingleses e pregunta por que non se podería crear unha Grande asociación cos 31.573 pescadores censados en Galicia. Para o autor isto sería a solución para todos os males e convertería aos pescadores en propietarios de barcos ou armadores, sacudindo o xugo da explotación que sofren. Culpa de todo ao atraso da xente do mar e, unha vez máis, incide no deterioro que provoca neles e nas súas familias, o abuso das bebidas brancas, léase a caña do país. Ataca as funestas consecuencias do alcohol na poboación que provoca problemas físicos e cerebrais, envellecendo a xente e provocando nos fillos todo tipo de enfermidades.

Dedica espazo e esforzos a criticar a linguaxe tabernaria e a blasfemia que relaciona coa falta de educación e non coa pobreza. Di que esa linguaxe chea de expresións groseiras é unha epidemia nacional que hai que combater. De novo busca as causas da emigración, considerando que non é debida á densidade de poboación costeira, senón á escaseza da pesca e ao desexo de enriquecemento rápido, imitando aos emigrantes que retornan con fortuna.

Considera necesario que se formen e se lles inculque o espírito de asociación cooperativa e do aforro, evitando os intermediarios. Cre que as forzas individuais illadas son ineficaces e avoga polo esforzo colectivo. O paternalismo e a moralidade campan ás súas anchas nas páxinas do autor quen, movido por un celo de mellora da clase traballadora mariñeira, insiste unha e outra vez na necesidade de educación e de cambios na forma de vida, xa que pensa que temos unha costa chea de riqueza e non a sabemos explotar.

A Ermida de Bexo, maio de 2017.



Coruña.—Puerto y bahía de Muros.

Carpintería de Aluminio, PVC y Madera

# ALUGONZA

www.alugonza.com

*La experiencia y nuestros trabajos nos avalan*

Ctra. Rianxiño nº 17 - Rianxo
Telf: 981 86 65 14



- Ventanas, puertas, mallorquinas, vidrieras, persianas, muro cortina...
- Soldadura en aluminio e inox.
- Balcones, portales, seccionales, rejas, barandillas, automatismos, pasamanos interiores y exteriores y toda clase de trabajos en aluminio e inox.
- En nuestras instalaciones, tenemos a su disposición, toda clase de mamparas de baño, mamparas de oficina, estores, venecianas, espejos, mandos para portales y una amplia gama de productos relacionados con nuestro sector.

EMPRESA CERTIFICADA

CE

EN-14351-1:2006+A1:2010

Empresa adherida ó plan renove de fiestras do inega.

PLAN RENOVE DE FIESTRAS

XUNTA DE GALICIA

inega

*Pídanos información*

# 8 venres

| | |
|---|---|
| 23:30 | Concentración das JUADALUPEÑAS |
| 24:00 | na Praza Castelao<br>**CHUPITASO** |
| | Selección musical na Praza Castelao<br>**THE KARAVAN** |

ASESORÍA ECONÓMICO FISCAL
EMPRESAS - TRIBUTACIÓN
CONTABILIDADES
ESTUDIOS ECONÓMICOS

*Antonio Piñeiro Seage*

ECONOMISTA
AUDITOR DE CONTAS

Rosalía de Castro, 9 1º - RIANXO - Tfno. 981 86 02 87 - Fax 981 86 62 79
Vigo - DODRO - Tfno. 981 80 20 48










R. IGLESIAS SANCHEZ E HIJOS S.L.

CONSTRUCION E REFORMAS EN XERAL

TLF: 650932486 / 650932487

RIANXO - A CORUÑA

WWW.IGLESIASCONSTRUCCIONES.COM

PRESUPUESTOS SIN COMPROMISO

# O santuario da virxe de Guadalupe do Tremo (Os Ánxeles - Brión)

Clodio González Pérez, académico corresp. da Real Academia Galega



Na segunda metade do século XVIII debeuse desenvolver unha campaña a prol do culto á Virxe de Guadalupe, sobre todo nunha parte do arcebispado de Santiago, como amosa a construción de varias capelas e a entronización de imaxes. Entre outras, ademais da de Rianxo, as da Pobra do Caramiñal, Santiago de Compostela, Treos (Vimianzo) e O Tremo, no concello de Brión, así como un cruceiro da aldea de Macedos (Urdilde-Rois), roubado xa hai anos, e a que campa na fornela situada por riba da porta da igrexa de Boullón (Brión).

Case seguro que algunhas se deben á difusión do culto da rianxeira, en particular pola sona que acadou co galo da peregrinación que fixo á mesma o arcebispo compostelán, Francisco Alejandro Bocanegra Jivaja, no mes de agosto de 1774 (ao ano seguinte de que a trouxese frei José de Santiago), ofrecido pola mellora da súa delicada saúde.

Outra mostra senlleira constitúea a publicación da *Novena de Nuestra Señora de Guadalupe, que se venera en la Provincia de Estremadura en el celebérrimo Santuario, y Real Monasterio de su Advoación, del Orden de S. Gerónimo: Y una perfecta copia suya en el Villa de Rianjo, Arzobispado de Santiago, Patria del Religioso Artífice, que la hizo, condujo, y colocó año 1773. Con una previa noticia de la Primitiva Imagen, y de algunas Copias suyas mas famosas: Por un indigno Capellán de la Soberana Virgen*, publicada en Santiago na imprenta de Sebastián Montero Frayz en 1778.

**A Guadalupe do Tremo**

A capela, máis grande que moitas igrexas, está no lugar do Tremo da parroquia dos Ánxeles (Brión), a poucos metros do linde con Bertamiráns (Ames), na beirarrúa da estrada de Santiago a Noia e case de par do balneario do mesmo nome, transformado nas últimas décadas nun magnífico edificio dedicado a hidroterapia baixo a denominación de "Balneario de Compostela".

Non se sabe de certo se a orixe do santuario foi o manancial ou ao revés, é dicir, que se empezase a facer uso terapéutico da auga por se considerar unha fonte santa con propiedades medicinais. O que é seguro que se trata dunha capela construída antes de que frei José de Santiago trouxese a imaxe de Rianxo, en 1773, tendo en conta que no *Libro de Fábrica* da parroquia dos Ánxeles o ano 1772 xa consta que *hai en términos de esta Parroquia una Hermita o Santuario con la Advocación de Nuestra Señora de Guadalupe que de poco a esta parte se erigió con las limosnas de los Devotos...* Non é de estrañar que fose así tendo en conta que estaba nun sitio moi concorrido, tanto polos que pasaban polo camiño real de Santiago a Noia, como polos que viñan a tomar as augas. Malia que agora non se conserve, diante tivo un cabido ou pórtico para acollerse os devotos, que se mandou reparar, xunto con outras obras, na visita pastoral de 1792.

O edificio é de planta rectangular dunha soa nave, con dúas capelas laterais ou arcadas que sobresaen polo exterior pouco máis dun metro. Orixinariamente só tiña bóveda de pedra o presbiterio, pero a de madeira da nave foi substituída non hai moitos anos por unha de cemento armado.

O que máis chama a atención é o retablo maior, totalmente pétreo, labrado na segunda metade do século XVIII (contra o ano 1772), na mesma época en que se edifica a capela. Está


NOVENA
DE NUESTRA SEñORA
DE GUADALUPE,
QUE SE VENERA
en la Provincia de Eftremadura
en el celeberrimo Santuario, y Real
Monafterio de su Advocacion,
DEL ORDEN DE S. GERONIMO:
Y una perfecta Copia suya
EN LA VILLA DE RIANJO,
Arzobispado de Santiago,
Patria del Religioso Artifice, que
la hizo, condujo, y colocó
año 1773.
*Con una previa noticia de la Primitiva Imagen, y de algunas Copias suyas mas famosas:*
*Por un indigno Capellan de la Soberana Virgen.*
CON LICENCIA: EN SANTIAGO:
En la Imprenta de *Sebaftian Montero y Frayz*: Año de 1778.

**GEFICO BARBANZA**

- ASESORÍA FISCAL, CONTABLE, LABORAL
- ADMINISTRACIÓN DE FINCAS: COMUNIDADES, COMPRA-VENTA...
- CORREDURÍA DE SEGUROS: AUTO, FOGAR, EMPRESAS, EMBARCACIÓNS...
- TRAMITACIÓNS EN XERAL: RENDA, LICENZA CAZA, PESCA, CATASTRO, PENSIÓNS, SUCESIÓNS, BECAS...

Boas festas

**XESTORÍA ADMINISTRATIVA SUÁREZ TARRÍO**

- XESTIÓNS TRÁFICO: PERMISO CONDUCIR, MATRICULACIÓNS, TRANSFERENCIAS, BAIXAS...
- TARXETAS DE TRANSPORTE: SOLICITUDE, RENOVACIÓN...

Atalaia 29 - Asados - RIANXO
Tfno./Fax 981 86 27 58

Xan de Estivadas 14 1ºD 15200 - NOIA
Tfno. 981 82 02 13 - Fax 981 82 48 91

gefico@economistas.org - geficoasados@gmail.com

REDES RIANXO

Calle Cortes nº 163
15.920 - Rianxo
La Coruña

Teléfono: 639 109 715
Fax: 981 860 712
Correo:
REDESRIANXO@LIVE.COM

Fabricación de todo tipo de redes
*para el cultivo del mejillón*








formado por tres bandas ou rúas delimitadas por pilastras, coa central sostida por dúas columnas de fuste liso. Na do medio salienta o conxunto do sagrario, o expositor e sobre este a imaxe da Virxe de Guadalupe, e por riba a do arcanxo San Miguel; e nas dos lados en dúas fornelas a da Inmaculada e San Xosé (c. 1780). Coroa o conxunto un frontón semicircular adornado no tímpano cun cilindro.



Hai dúas imaxes da titular do santuario, ambas de entre os anos 1760 e 1770, que corresponden á época en que se constrúe o edificio: a que preside o altar maior, de madeira con Meniño Xesús no brazo dereito e un cetro dourado na man esquerda; e a de pedra que está na fornela da fachada, de factura popular, agora mutilada sen o Neno. Ningunha das dúas ten nada que ver coa representación iconográfica da estremeña, nin tampouco da mexicana, sendo a máis semellante, entre outras, a que se venera como patroa da illa canaria da Gomera.

Das demais tallas sobresaen unha antiga de pedra que está dentro do expositor (quizais Santo André), e a de San Ramón Nonato, do escultor compostelán Xosé Rivas, na honra do que se celebra unha concorrida festa o 31 de agosto, á que en tempos asistían centos de embarazadas.

A capela posuía varias propiedades na propia parroquia dos Ánxeles (nos lugares da Gándara, Guisande, O Cabo, etc.), e tamén nas de San Salvador de Bastavales e Brión. Pero quedou sen elas xa na primeira desamortización ou "Desamortización de Godoy", aprobada o ano 1798, que afectou aos bens da Compañía de Xesús, hospitais, hospicios, casas de misericordia, obras pías, etc. En particular os do santuario do Tremo foron subhastados o 11 de abril de 1807.



# CLITECMA

AGUA
CALOR
FRÍO
LUZ

**CLITECMA INSTALACIONES S.L.**

Instaladores autorizados:

Electricidad, Fontanería y Climatización.
Energías renovables (Geotermia, Solar y Biomasa)
Tienda de iluminación técnica (LEDs)

CALIDAD ACLUXEGA

acluxega
Asociación Cluster da Xeotermia Galega

Cabo da Vila nº6
15920 Rianxo A CORUÑA
T. 981 86 60 23 / 609 877 729 Fax. 981 84 36 02
E-mail clitecma@yahoo.es



# 9 sábado

| | |
|---|---|
| 10:00 | Dianas e alboradas<br>BANDA DE MÚSICA DE STA. CRUZ DE RIBADULLA |
| 10:00 | Alborada pola parroquia<br>RÍO DE ANXO |
| 12:00 | Ximcana familiar na Praza Castelao<br>O tesouro da pirata<br>Premios en chuches |
| 12:00 | Roteiro cultural saída dende o Museo do Mar<br>Autores Rianxeiros |
| 13:00 | Concerto da banda na Praza da Igrexa<br>BANDA DE MÚSICA DE STA. CRUZ DE RIBADULLA |
| 14:00 | dende a casa do Concello<br>PREGÓN DAS FESTAS |
| 14:30 | Sesión vermú na Praza Castelao<br>PARAÍSO |
| 15:00 | Xantar ROCK IN RIAN no Parque de Galiza<br>SKANDALO GZ |
| 16:00 | na Praza Castelao<br>Ruta cicloturística<br>Organiza peña ciclista Castro Barbudo |
| 18:00 | Pasarrúas Rock in Rian<br>FESTICULTORES TROUPE |
| 18:00 | Concerto da banda na Praza da Igrexa<br>BANDA INFANTIL DA ESCOLA DE MÚSICA DE RIANXO |
| 19:00 | Concerto de rúa Rock in Rian<br>ODÉ ZULÉ |
| 19:30 | Baile e música tradicionais na Praza da Igrexa<br>ASC FOGO FATUO |
| 20:30 | Rock in Rian<br>PASABARES |
| 23:00 | ROCK IN RIAN no Parque de Galiza<br>**FESTICULTORES – VENDETTA**<br>**DAKIDARRIA – REBELIOM DO INFRAMUNDO**<br>Organizan as Juadalupeñas. Colaboran o Concello de Rianxo e a Deputación da Coruña |
| | Verbena<br>**PARAÍSO – CENIZA** |

ILUMINACIONES
SANTIAGUESAS, S.L.
ILUMINACIONES ARTÍSTICAS
E INSTALACIONES ELÉCTRICAS

Telf./Fax: 981 548 309
Móvil: 639 645 510
E-mail: iluminasan@msn.com

Lg. Rúa de Francos, 128
Calo - 15866 TEO
(A Coruña)

O Rancho de Rianxo
Taberna mariñeira, detrás da igrexa

Artis
PINTURAS • REFORMAS
Asados RIANXO 610 204 778
joseabuinvicente@gmail.com

Gómez Capeáns & Moares S.L.P.

Juan Jesús Gómez Capeáns
&
Lidia Gómez Moares

Economistas Colegiados nº 279 y 4855
Auditor Colegiado nº 7197
Asesor Fiscal Colegiado nº 768
Gestor Administrativo nº 819
Titulado experto en Economia Forense
Actuaciones Judiciales
Agente y Corredor de Seguros

Asesoría de Empresas
Fiscal - Contable - Laboral
con Certificado de Calidad
ISO 9001:2000
nº de registro 00404277

*Un equipo de profesionales integrado por Economistas, Abogados, Graduados Sociales y Administrativos les desea unas felices y animadas fiestas*

C/. Rosalía de Castro 46 2ºE
C/. Rosalía de Castro 44A 1ºC, 44B 1ºA y 1ºC
(Frente Jefatura de Tráfico)
Tfnos. 981 593 388 - 981 593 027
Fax 981 593 027 - 981 553 747
SANTIAGO DE COMPOSTELA

C/. Travesía del Muelle 6 1º
Tfno. 981 860 175 Fax. 981 860 300
RIANXO

consultoria@jjcapeansasesores.es
www.capeansasesoresconsultores.com

TÜV


ROCK in RIAN
RXR
2008
2017
MORTOS QUE
DENANTES
ESCRAVOS
ENTRADA DE BALDE
X ANIVERSARIO
DENDE AS 14.00H
9 SETEMBRO RIANXO PARQUE DE GALIZA
REBELIOM DO INFRAMUNDO
FESTICULTORES SKANDALO GZ
DAKIDARRÍA ODÉ ZULÉ VENDETTA
XANTAR POPULAR PASARRÚAS PASABARES
CONCERTOS DE SOBREMESA ZONA DE ACAMPADA
ORGANIZAN
COMISIÓN DE
Asociación Sociocultural e para o Desenvolvemento de Rianxo
A Moreniña
COLABORAN
Rianxo
Deputación DA CORUÑA

TESLA INSTALACIÓNS E ENXEÑERÍA, SL

604 023 509 - 604 023 507

contacto@tesla.gal

www.tesla.gal

EMPRESA INSTALADORA AUTORIZADA

ELECTRICIDADE

CALEFACCIÓN
CHAN RADIANTE
AEROTERMIA
XEOTERMIA

FONTANERÍA
BOMBEOS
REGOS

ENERXÍAS RENOVABLES

GAS (CATEGORÍA A)

CLIMATIZACIÓN

OFICINA TÉCNICA DE ENXEÑERÍA

PROXECTOS - TOPOGRAFÍA - CATASTRO - INFORMES PERICIAIS - TASACIÓNS
CERTIFICACIÓN ENERXÉTICA - SUBVENCIÓNS - INDUSTRIAS

*Miguel Ordóñez Martínez, Colexiado nº 1.499*

RÚA XOHANA TORRES Nº 5 BAIXO (RIBEIRA)
RÚA SAN XOSÉ Nº 32, RIANXIÑO (RIANXO)

Oficina Técnica

Julia Galbán Rodríguez

INGENIERO TÉCNICO AGRÍCOLA
COLEGIADA Nº 1419

CATASTRO RÚSTICO Y URBANO
MEDICIONES - TASACIONES - INFORMES - PERITACIONES - HERENCIAS

Tel. 981 844 100 - Móvil. 600 840 981
Avda. Constitución nº8, 1ºC - BOIRO



Espectáculos MANEIRO s.l.

Antonio Maneiro: Tel. 627 475 469

Lousame · Noia · A Coruña

cobiño

ESTANCO XACOBIÑO

ASADOS - RIANXO
Telf.: 981862863
Email: milibreria@live.com



MERCA AQUÍ O TEU MATERIAL

# Por que desapareceu o Castelo da Lúa?

Óscar Reboiras Loureiro

Onde hoxe vemos as ruínas do que podería ser un fermoso edificio, no seu día só había maldade e terror. Polo menos para centos de labregos, comerciantes e burgueses.

A Idade Media é o final do Castelo da Lúa e de moitos outras fortalezas en Galicia. Son o símbolo do poder e da maldade da alta nobreza galega. Por iso, cando o pobo se levanta na Revolta Irmandiña (1467-1469), o de Rianxo será un dos castelos que se derruben. Caerán entre 50 e 150 máis segundo os historiadores.

**A nobreza manda**

Vívese unha época moi convulsa, onde a nobreza planta ao poder real e eclesiástico. Para marcar territorio e demostrar a súa forza, aparecen novas fortalezas por toda Galicia. Unha delas é a de Rianxo (que mesmo tivo unha orde de derribo do rei, por non contar coa licenza do arcebispo).

Na Revolta Irmandiña o señor de Rianxo é Sueiro Gomes de Soutomaior, que tamén conta cunha fortaleza en Lantaño (Meis) e outra na Insua de Vea (A Estrada). O castelo non era a súa residencia habitual, senón unha edificación que albergaba soldados. A misión dos castelos é controlar e explotar economicamente unha zona.

**Niño de malfeitores**

Pero os castelos en boa parte de Galicia tamén se converten nun niño de malfeitores. Así o indica Carlos Barros, profesor de Historia Medieval da USC.

Tal era a impunidade da nobreza naquela época, que en lugar de defender os seus vasalos (a cambio de cartos, claro está), dan amparo a bandas que realizan secuestros, torturan, violan mulleres ou rouban os mercadores que ían polos camiños. Ou ben explotan cada vez máis aos vasalos.

**Os gorrións perseguen os falcóns**

Ante esta situación de indefensión, por toda Galicia se erguen as Santas Irmandades. Son organizacións que gozan de recoñecemento legal e contan coa aprobación real, formadas por xente de distintas clases. O seu cometido é garantir a orde fronte á inseguridade.

Escoitan a todos para frear os abusos. Como exemplo, está documentado que os pescadores de Vilanova de Arousa, diante dos alcaldes irmandiños, denuncian os agravios tanto do arcebispo de Santiago como de Sueiro Gomes de Soutomaior.

Ao final prodúcese un levantamento. Máis de 10.000 homes derrocan o castelo da Rocha Forte de Santiago (centro relixioso e político de Galicia). E se era posible gañar ao arcebispo, nada impedía facer o propio con outros señores.

**Vitoria e derrota**

Os irmandiños de Pontevedra e o Salnés botan abaixo, entre outras, as fortalezas de Lantaño e de Rianxo. Gomes de Soutomaior ten que escapar e esconderse. Incluso hai fonte documentais que din era alimentado por campesiños.

Como explica o historiador Carlos Galbán, destruír unha fortaleza non significa arrasala por completo, senón que moitas veces os irmandiños a volven inútil, derruíndo varias das súas partes. Era unha práctica máis rápida e efectiva, e seguramente foi o que pasou co castelo levantado no actual lugar do Pazo.

Con todo, os falcóns volveranse facer co poder un par de anos despois. Derrotado o movemento irmandiño, levantaranse de novo varias fortalezas arrasadas. Dese xeito, Sueiro Gomes trata de reconstruír o Castelo da Lúa (chamado así en teoría porque a súa segunda muller, filla do arcebispo de Toledo, era Juana de Luna).

**Represión**

Aínda que puidera semellar o contrario, a represión dos señores contra os vasalos non foi dura. Entre outras cousas porque os necesitaban vivos para traballar.

Así e todo, Rianxo foi unha desas excepcións. En 1480 os Reis Católicos reciben unha carta falando das crueldades feitas aquí por Luís de Acevedo (irmán do arcebispo Alonso de Fonseca, que tiña xurisdición ata Pontevedra).

Nesa misiva falábase de que Luís de Acevedo roubaba na vila, botaba abaixo e queimaba casas, torturaba e castraba homes, afogábaos no río coas mans atadas atrás e mesmo nalgún caso lles apertaba "as cabezas ata que lles facía saltar os sisos polos narices".

**Nova destrución**

Ese mesmo ano (1480), Fernando Acuña, capitán e gobernador dos Reis Católicos, ordena que o Castelo da Lúa sexa destruído. Os reis buscan poñer couto ao poder da nobreza arrasando cos castelos que non son necesarios para a defensa do reino, que non son cabeza da xurisdición ou porque viven de roubos e abusos.

O de Rianxo queda nun estado lamentable a partir de aquí, como recollían no seu día Santos e Comoxo nun artigo en La Voz de Galicia. Sen portas e con parte da estrutura que daba ao río caída, abandónase e acentúase o proceso de desaparición. Co tempo, as súas pedras formarán parte do campanario da igrexa de Santa Columba e os veciños tamén empregarán os seus restos para construír muros e vivendas.



Fotos de Xoán Antón Castro


RENT GALICIA
INMOBILIARIA
Rúa do Medio, 30
15920 RIANXO. A Coruña
881 166 519 - 669 868 527
rentgaliciainmobiliaria@gmail.com
www.rentgaliciainmobiliaria.com
Visítanos en Facebook


SATRESA
COMUNIDADES
Administrador
Fincas
Colegiado
Teresa Teijeiro Fernández
ADMINISTRADOR DE COMUNIDADES DE PROPIETARIOS
Colegiado 1-1353
Rúa do Medio nº30 - bajo
15920 RIANXO A Coruña
617 257 861
info@satresa.com
www.satresa.com

# Renx
Infraestructuras Eléctricas

## ÁREA DE NEGOCIOS

### ELECTRICIDAD
· Lineas aéreas de media tensión
· Lineas subterraneas de media tensión
· Centros de transformación
· Redes de baja tensión
· Manteniemiento preventivo
· Ingeniería y proyectos eléctricos

### EFICIENCIA ENERGÉTICA
· Asistencia técnica
· Mantenimiento de equipos-instalaciones

### CONSTRUCCIÓN
· Iluminación viaria
· Iluminación y redes en túneles y autopistas
· Instalaciones industriales

### AGUA
· Instalación de depuradoras
· Fontanería






# ENERGÍA
## ELECTRICIDAD
## MEDIO AMBIENTE

**RIANXO ENXEÑERIA S.L.**
Lg. Brión-Leiro 110 - 15920 **RIANXO ( CORUÑA )Telef.** 676 409 732

# DECORACIÓNS SIMÓN

*Simón Daniel Varela Novoa*



Decoración en escaiola - Pladur - Parquet flotante - Moquetas - Papeles pintados - Estucados Lacados - Barnizados - Pinturas industriais...

DECORACIÓNS EN XERAL



Rinlo 75 - RIANXO

Tlf.: 655 98 28 92

decoracionssimon@gmail.com

www.decoracionssimon.es

# 10 domingo

| | |
|---|---|
| 9:30 | Dianas e alboradas<br>**BANDA DE MÚSICA DE ARCA** |
| 10:00 | Dianas e alboradas<br>**BANDA DE GAITAS BUXAINA DE TARAGOÑA** |
| 10:00 | Dianas e alboradas<br>**BANDA DE GAITAS DE FORCAREI** |
| 12:00 | na Capela de Guadalupe<br>**MISA SOLEMNE**<br>Cantada polo Coro ABRAIRA de Asados |
| 13:00 | Tradicional pola Ria de Rianxo<br>**PROCESIÓN MARÍTIMA** |
| 18:00 | Concerto da banda na Praza da Igrexa<br>**ARCA** |
| 19:00 | nos Xardins da Ribeira<br>**BAILE ROMARÍA** |
| 20:00 | Baile e música tradicionais na Praza da Igrexa<br>**VAI DE RODA** |
| 0:00 | no Porto<br>**LUMES DE ARTIFICIO AÉREOS E ACUÁTICOS** |
| | Verbena<br>**FANIA BLANCO SHOW**<br>**LA OCA BAND** |


CAMPING
RIANXO
- Restaurante
- Comida para levar
- Aluguer de piraugas
Praia de Tronco, 15920 Rianxo - A Coruña Tel.: 609 84 70 00 campingrianxo@gmail.com www.campingrianxo.com


Conxelados
O Muelle
Paseo da Ribeira 17, RIANXO
Telf 635 569 815


QUIROMASAJISTA
a domicilio
Masajes Descontracturantes
Cervicalgias , Lumbalgias
Esguinces,Lesiones Deportivas
Drenajes Linfáticos
Masaje activador de la circulación
Luis M. Rodríguez
TLF. 659556710
C/Rinlo Edificio REYFER Nº62 1B


TOFFE
SERVICIOS INTEGRALES DE HOSTELERIA
Toffe kids
Urbanización Virxe de Guadalupe,2
981 86 61 26
RIANXO

# Capela de San Pedro e Nosa Señora de Guadalupe (Lugar de Vilas - Asados)

Xosé Comoxo

**PEDRO DE SANTIAGO TORRADO**, sendo crego de Santa María de Isorna (cando a parroquia aínda non era da xurisdición de Rianxo), outorga testamento o 7 de abril de 1670, ante o escribán de Cordeiro, Antonio Sánchez. Entre outras disposicións, deixou ordenado que á súa morte as súas "carnes pecadoras sean amortajadas en las bestimentas sacerdotales y sepultadas junto al altar maior de mi yglesia de Santa Maria de Isorna en la sepultura de los sacerdotes della" No cabo de ano, debían chamar a 20 sacerdotes do convento de Herbón para estar nos actos relixiosos. Aos pobres que viñesen aos seus actos, daríanlles de comer e beber, "a los viejos dos tragos y a los moços uno, y demás dello se les de en dinero de limosna lo que pareciere a mis sucesores". Á súa morte, debían celebrarse 12 misas rezadas por unha vez na capela das Ánimas, situada na catedral de Santiago, "y se pague su limosna".

Posuía un bo número de propiedades en diferentes lugares polas que cobraba diversas rendas. Era confrade do Santísimo Sacramento e de Nosa Señora, de Isorna; de San Juan e do Santísimo Sacramento de Araño e Rianxo e Santa Ana de Asados.

Tiña un afillado, duns sete anos, de nome Antonio, fillo de Antonia Gómez, muller que era de Alberte Ybañez, a quen debían poñer "en la escuela y enseñen a ler y hescrivir y despues en los estudios y si quiere ser religioso le den lo necesario".

No intre de redactar o testamento, era súa intención, para maior servizo de Deus e de súa nai a Virxe Santa María ("a quien sienpre he tenido por mi abogada yntercesora"), que á conta dos seus bens e facenda, **o seu herdeiro edificase unha capela no lugar de Vilas, de Santa María de Asados**. Edificaríase despois de que "Dios fuere servido llebarme", onde se dirían semanalmente cinco misas rezadas "por mi ánima y de mis antepasados". No altar maior poñería "un Santo Cristo grande y una ymagen de Nuestra Señora de Guadelupe y otra del Señor San Pedro santo de mi nonbre".

Morre aos 70 anos, o 18 de abril de 1670, despois de exercer de crego en Santa María de Isorna máis de 30 anos. Foi enterrado no coro da súa reitoral.

O seu herdeiro universal e irmán, Gonzalo de Santiago Torrado, con residencia en Corrubedo, púxose en contacto co seu representante en Rianxo para asuntos administrativos, José Martínez de Palacios. Deseguida decidiu comezar as obras da capela nuns terreos da súa propiedade, que naquel intre traballaba o seu caseiro Alberte Costas, aínda que o sitio non parecía ser o máis apropiado "por causa de los ganados que bienen de los montes y corrales de los vezinos del lugar"; incluso era lugar de paso da veciñanza. Esa decisión produciu un pequeno preito co fiscal eclesiástico de obras pías; con todo, a licenza déronlla o 19 de novembro de 1670, cando exercía de arcebispo de Compostela, Andrés Girón. Foi o crego de Asados, Diego de Rebolleda, quen, despois de recoñecer o lugar, sinalou onde tiña que ir situada; sería "al salir de la congostra contigua de lugar arriba en el alto, puesta a orillas de la del medio entre cuatro piedras que demarcan las dos líneas al norte y a fra. a la trabessía" A capela non debía prexudicar á igrexa parroquial en canto a celebración de misas (disposición que se asentaría no libro de fábrica "para que así conste"). Finalmente, despois de acadar o consentimento do vigairo xeral Roque Andrés Santos, comezaron as obras. O encargado das obras foi o mestre canteiro de Rianxo, Gregorio de Somoza.

A capela, dunhas dimensións exteriores aproximadas de 6 metros de ancho por 10 de fondo, rematouse en 1671. Encaixado na fachada exterior puxeron o escudo de armas da familia, os Torrado, e unha inscrición co nome do fundador e ano de remate. Tería que ser o crego de Asados, a dicir do vigairo xeral, quen certificase a súa boa "decencia, ornatos y ymágenes para que con su bista se de lizencia para que se bendiga y proceda a lo más que conbenga y lugar (...) y enesta conformidad se de libren el despacho necesario con incerción de los papeles que lo sean..."

O sucesor de Gonzalo de Santiago Torrado, foi o seu fillo Antonio de Santiago Torrado, clérigo presbítero e patrón da capela, falecido en Asados o 22 de abril de 1703. En 1705 tamén falecía Antonia de Santiago Torrado, "de Vilas", posiblemente súa irmá. Os bens pasaron a seu irmán Pedro de Santiago Torrado "y después del suceda su hijo mayor legítimo y de legítimo matrimonio perferiendo siempre el barón a la enbra y el mayor al menor; y si acaso se muriere sin sucesión quiero suceda en dicho patronato y sus vienes Dominga de Santiago hija del dicho Gonzalo Torrado mi hermano".



Capela de San Pedro de Vilas (2017)


ESCOLA DE MÚSICA DE RIANXO
CURSO 2017 - 2018
MATERIAS:
LINGUAXE MUSICAL (Solfexo)
MÚSICA E MOVEMENTO (4-6 anos)
Linguaxe Musical para Adultos
PRÁTICA INSTRUMENTAL:
FRAUTA
ÓBOE
FAGOT
CLARINETE
SAXOFÓN
TROMPETA
PIANO
CANTO
TROMPA
TROMBÓN
BOMBARDINO
TUBA
PERCUSIÓN
VIOLONCELLO
CONTRABAIXO
BAIXO ELÉCTRICO
DEPARTAMENTO DE JAZZ:
HARMONÍA MODERNA
TEORÍA PRÁCTICA DA IMPROVISACIÓN
ACTIVIDADES INSTRUMENTAIS CONXUNTAS:
BANDA DE MÚSICA
MÚSICA DE CÁMARA
CORO DE NENOS
Información e entrega de matrículas no Cuartel Vello
os días 20, 21, 22, 25, 26 e 27 de setembro de 11:00 a 13:30
e de 17:00 a 20:00 horas, ou tamén no tfno. 671 058 555
escolademusicaderianxo@gmail.com
O CURSO COMEZARÁ O LUNS 2 DE OUTUBRO
COLABORA:
Rianxo
Deputación DA CORUÑA


CAFE-BAR
A DE VALEN.


LATERO PRIMERO S.L.
Servicios marítimos
FONDEO Y MANTENIMIENTO DE BATEAS - GRANJAS MARINAS
BALIZAMIENTO E INVESTIGACIÓN - REMOLQUES
Rúa Loureiros, s/n - RIANXO Tfnos. 606 976 466 - 606 976 468


Quinto
Pintura e Decoración
Miguel A. Romero Vidal
Rianxo
620 316 375
miguel.romero.vidal@gmail.com

En 1716, a capela de Nosa Señora de “Aguadelupe” e San Pedro, da que era patrón e capelán Pedro de Santiago Torrado, veciño da Pobra, “quien no las (decía?) en dicha capilla sin embargo de tener ornato necesario para ello, y rrespecto dichas misas las deven dicir enella conforme a la voluntad del fundador”, o visitador arcebispal, cóengo Antonio Vázquez Bermúdez, á vista de que había rendas e congrua suficiente, decide que o patrón compareza xunto súa en quince días a presentar os certificados do cumprimento das misas; se non o fixese, o reitor de Asados debía secuestrar os froitos e rendas da hermida “y a costa dellos aga cumplir y dicir dichas misas en la referida capilla nombrando capellán que las diga y cumpla”.

Sete anos despois, Pedro de Santiago Torrado exercía de crego en Santa María de Pereira; seguía de patrón da capela, que agora tiña de fundación tres misas semanais e anualmente dúas cantadas. Non se dicían por falta de ornatos e estar indecente a hermida, aínda que tiña unhas rendas de 150 ferrados de froitos e 200 reais en diñeiro “y alguna renta mas fuera de esta feligresía”. Foi decisión do momento, que as misas, por eses motivos, fosen celebradas na parroquial ata que a capela tivese os ornatos necesarios.

En 1740, o referido patrón andaba de crego no bispado de Tui.

En 1791, segundo o visitador arcebispal e crego de San Xulián de Laíño, Luis Quiroga y García, estaba no deber de María del Carmen Romay, veciña de Vilagarcía, pagar as tres misas semanais e as dúas cantadas anuais, que a dicir do crego de Asados, estaban cumpridas. "Tiene ornato con su misal y piedra de Ara, la que hará el Cura se cubra y fije y en que la Patrona tiene en su poder el cáliz y la Patena con motivo de haberse rompìdo, lo componga y dore por dentro, cuanto antes, presentándola en la Capilla o en poder del que la cuida para el cumplimiento de su fundación".

Nos comezos do século XX a capela pertencía a Vicenta Casas, e a Luísa e Elena Mariño. Estaba en moi malas condicións, de aí que o notario maior do Tribunal eclesiástico do arcebispado de Santiago, Nicolás Iglesias Camino, decidira en 1903 intervir contra as propietarias para que procedesen a reparala; no caso contrario, “se les habría por decaídas de aquel” dereito. Pasado un tempo, “no han hecho constar haberlas realizado, ni menos entregaron las llaves de la expresada capilla al párroco para reconocer e informar las obras que hubieren hecho”. Por ese motivo foron declaradas, en marzo de 1905, “por decaídas del derecho que pudieran tener sobre la capilla (...) que autoriza al cura de la misma para que se haga cargo de la repetida capilla, a fin de atender a la reparación de ella por cuenta de las limosnas que ofrecieren los fieles”.

Avisado o encargado de abrila e “ventilarla”, Vicente Castaño, o crego Manuel Outeiral, procedeu a recontar os efectos existentes. Había unha mesa de altar con retablo de pequenas dimensións, con catro camaríns de pouco fondo, de madeira de castaño e pino “y en estado inservible para el culto Divino”; unha imaxe de San Pedro “con el ropaje carcomido”; unha imaxe de San Antonio de Pádua, “en estado de última vida”; unha imaxe da Purísima Concepción “de pequeñas dimensiones también el mismo estado de última vida”; un crucifixo de madeira “como de media vida de estado”; unha cruz pequena de madeira “ya desvencijada”; e dous atrís “uno de pié y otro de altar ambos de forma tosca y muy deteriorados”.

A parte interior estaba “cubierta con lechada de cal que no permite el conocimiento de la clase de maderas. El estado de la capilla puede calificarse de deteriorado e inservible para el culto”.



San Pedro na Capela (foto propiedade da Romaría do San Pedro de Vilas)



CLÍNICA DENTAL MARES
Dra. Sofía Rey Martínez
odontoloxía xeral
odontopediatría
ortodoncia e ortodoncia invisible
estética dental e branqueamentos
cirurxía e implantes
periodoncia
prevención
próteses dentais
protectores bucais
radioloxía e TAC 3D
deseño dixital do sorriso (DSD)
Nº Rexistro Sanitario: C-15-001471
www.clinicadentalmares.com
info@clinicadentalmares.com | 630 975 644
Medicina Estética
CLÍNICA DENTAL MARES
rexuvenecemento facial e hidratación profunda
eliminación de enrugas (toxina botulínica)
recheos faciais (ácido hialurónico)
fotorrexuvenecemento
eliminación de manchas e lesións vasculares
tratamento para o acne
mesoterapia
tratamento de estrías e cicatrices
tratamentos para celulite e graxa localizada
dermosustentación con fíos tensores
tratamentos capilares
dietética e nutrición
depilación médica
CLÍNICA DENTAL MARES
630 975 644
@maresdental
facebook.com/clinicadentalmares
facebook.com/maresmedicinaestetica
Fachán, 30 - Taragoña, Rianxo | Portobravo, 8 - Lousame | Tels.: 981 863 401 - 981 822 724

# 11 luns

| | |
|---|---|
| 10:00 | Dianas e alboradas<br>BANDA DE MÚSICA DE PADRÓN |
| 11:00 | Visita da Virxe de Guadalupe á Igrexa Parroquial |
| 12:00 | Xogos e competicións na Praza Castelao<br>JUADALUPEÑAS |
| 13:00 | Concerto da banda na Praza da Igrexa<br>BANDA DE MÚSICA DE PADRÓN |
| 14:00 | Sesión vermú na Praza Castelao<br>ABANICO |
| 15:00 | Xantar popular no Parque da Martela<br>ROMARÍA DAS JUADALUPEÑAS |
| | DJs – FESTA DA COR |
| 18:00 | Concerto da banda na Praza da Igrexa<br>BANDA DE MÚSICA DE PADRÓN |
| | Verbena<br>**ABANICO – JERUSALÉN** |

Aluminios
IGLESIAS
VENTANAS DE ALUMINIO Y PVC
Taller Artesano
más de 20 años de experiencia
PRESUPUESTO SIN COMPROMISO
C/ As Cortes (Carretera de Tronco)
Rianxo (A Coruña)
Móvil 647 653 518
www.aluminiosiglesias.es - informacion@aluminiosiglesias.es

Movil Planet
telefonía libre • SAT • compra-venta telefonía
asesoría de telecomunicaciones
orange simyo amena.com JAZZTEL
Rúa de Abaixo 34 Rianxo
Tlf: 981 866 378

Carpintería
Coello
CARPINTERIA EN XERAL
Mobles de cociña, Armarios...
Ramón Fachado Iglesias
Rúa do Hospital, 7
15920 RIANXO
Tfno. 646 677 674



# Rianxo e Galicia no berce de Europa

Iago Hermo

Esta é a terceira vez que se me ofrece a posibilidade de escribir unhas palabras nesta revista das nosas festas da Guadalupe de Rianxo. Esta é a terceira vez que acepto deixar a miña pequena e humilde pegada nestas páxinas xunto a tantas outras persoas apaixonantes, rianxeiras e rianxeiros de corazón. Mais, este ano, e por cousas da vida, non escribo isto estando en Rianxo ou en Coruña, cidade na que vivín ultimamente. Non. Se ben o pasado 2016 xa me atopaba na miña nova residencia durante as festas, o texto que enviei fora xa escrito previamente estando en Rianxo, a miña vila. Desta vez o conto é outro xa que, nas datas nas que se publica este texto, terei cumprido o meu primeiro ano vivindo no estranxeiro, noutro país en Europa.

Atópome en Maastricht (Países Baixos), cidade histórica holandesa, un pouco máis grande que Santiago de Compostela, onde se viu nacer un dos tratados fundacionais da actual Unión Europea. Unha cidade rodeada de fronteiras que semellan xa non existir máis, atopándose a moi pouca distancia as cidades de Liège (Bélxica) e Aachen (Alemaña), ámbalas dúas a uns 25km de distancia ao oeste e ao leste respectivamente.
Cosmopolitismo en estado puro. Tanto pola súa situación xeográfica entre diferentes países como pola súa universidade, que cada ano atrae milleiros e milleiros de estudantes de todas as partes do mundo, pódense escoitar polas súas rúas unha gran variedade de linguas moi diferentes. O neerlandés e o limburgués (unha variante lingüística propia desta rexión, Limburgo) comparten o espazo sonoro da cidade con linguas coma o inglés, alemán, francés, español, chinés, xaponés... e o galego. Dise que "hai un galego na lúa". Tanto non sei. O que si podo afirmar é que hai galegos nun dos lugares de nacemento da Europa actual, así como en tantos outros sitios do mundo enteiro que viron chegar a moita xente buscando mellores oportunidades que na nosa terra non parecen posibles.

Mais non é a emigración (ás veces exilio) sobre o que este texto trata, xa que daría para páxinas e páxinas de investigación, análise e reflexión. Este texto trata sobre as curiosidades, ás veces detalles tan pequenos que se poden escapar á nosa vista. Curiosidades coas que un se atopa cando vive fóra do seu entorno cultural, da súa terra. Unha reflexión logo da experiencia. E é que un non se espera atoparse con situacións nas que, por poñer un exemplo, o galego (a lingua, non unha persoa aleatoria de Galicia que se teña perdido visitando a cidade) che fai poder falar con persoas coas que sería imposible doutro xeito. Usar o galego para poder facerse entender máis facilmente cun turista italiano. Usar o galego para falar con compañeiros de Portugal e Brasil que estudan no conservatorio ou na universidade. Usar a nosa lingua para namorar. Si, rapazas e rapaces, para namorar. Porque unha lingua tan fermosa ao oído de quen a escoita sen prexuízos pode xerar o mesmo efecto (ou mellor!) que o prato máis exquisito xamais cociñado. Non se di que "as persoas conquístanse dende o estómago"? Acaso non acontece tamén a través do oído? Lembremos a Ulises e como os cantos de serea o atraeron a el e aos que ían con el.

É evidente que falar galego/castelán exclusivamente non permite vivir nun país coma este. O inglés é unha lingua totalmente necesaria para poder residir nun país no que máis do 90% da poboación maior de 18 anos é capaz de falalo e entendelo. Recomendable unhas nocións básicas de holandés se hai pretensións de establecerse durante un período longo de tempo. Mais... o feito de ser galegofalante impide aprender outras linguas? Non. De feito, o feito de ser bilingües axúdanos a aprender con moita maior facilidade outras linguas. O portugués, 6ª lingua máis falada do mundo con máis de 270 millóns de falantes en todo o mundo, é unha oportunidade fácil para os galegos pola proximidade lingüística. Pero non só nos facilita a aprendizaxe desta lingua veciña, senón de calquera outra lingua do mundo que nos antolle. E dío alguén coma min, falante nativo de galego e castelán, cun dominio medio do inglés, básico do francés e en proceso de aprender holandés e chinés (e oxalá algunha máis!). Sen ser hábil para aprender linguas en absoluto.

O feito de falar estas linguas permitiume descubrir algo falando con xente de todas partes: o mundo adora Galicia! A xente namórase do galego ao oílo! Sen embargo, case ninguén coñece Galicia máis aló de Santiago de Compostela, no que semella unha política turística internacional bastante escasa, non é? Por iso gustaríame propoñerche un xogo para rematar este texto. Usa o galego. Fálao. Escríbeo cada día. Non, isto non che impide usar outras linguas. Ao contrario! Ensínalle o tesouro que temos en Galicia a todas aquelas persoas que non o coñezan. Ensínallo a todas aquelas persoas que o coñezan pero que aínda hoxe teñen prexuízos sobre el. Agarima os oídos das persoas que che rodean. Amósalles o que temos. E, sobre todo, namora.



Maastricht Meuse 04 View at Wyck from Hoge Brug
(Mark Ahsmann, CreativeCommons BY-SA 3.0, via Wikimedia Commons)

Dra. María José Ulloa Prado

ODONTÓLOGA

ORTODONCIA
ESTÉTICA
IMPLANTES

Poste, 16 - Taragoña - Tfno. 981 86 13 10

CARPINTERÍA FIGUEIRA
Ricardo Figueira Burés
carpintería de madeira en xeral
trae a túa idea e nós facémola realidade
Marquesa 38 Asados
15984 Rianxo
carpinteriafigueira@gmail.com
674122895 - 981862531



Zapaterias
Marty
MALETAS
BOLSOS
CINTURONES
MONEDEROS
MEDIAS
Rúa de Abaixo 27 - RIANXO
Tfno. 981 866 333

Muebles GUADALUPE, S.L.
MOBELRIAS
Tfnos. 981 845 446 - 981 848 720 - 981 846 255
Fax 981 845 446 - 981 848 720
Avd. de Barraña, 50 y Avd. Constitución, 65 - 15930 BOIRO

# A casa dos Dieste

Helena Villar Janeiro

No verán de 1981 vimos, cruzándoa por primeira vez, a ponte de Catoira á Vacariza. Viñamos dunha praia do Morrazo e os meniños facían preguntas que descougan porque non se dá simplificado a resposta. A máis difícil quedou no aire porque a ponte emocionounos tanto que pasou un tempo e houbo un cambio de conversa, agora sobre a fermosa paisaxe que cruza a estrada vella a Rianxo. Estabamos convidados por Carmen Muñoz a xantar na casa dos Dieste para celebrar a chegada a termo de "Viaxe e fin de don Frontán", traducido por nós ao galego porque "Rafael quería que la hicieran Vdes". Ela supervisáraa moi de cerca e aquel día inda fixo algunha pequena anotación. Ía editala O Castro en 1982.

Chegaba eu a Rianxo por primeira vez. E descrubrín que a casa dos Dieste, feitiña por fóra, era por dentro un pequeno museo. Desde o pano da escaleiran xa se mostraba obra de Luís Seoane, Colmeiro, Maside, Laxeiro, Arturo Souto e Isaac Díaz Pardo. Dª Carmen, con aquel seu falar pulido pola convivencia cos grandes e a vocación pedagóxica que coñecemos ben no tempo que duraran o noso traballo, percorrendo connosco o pasillo mostrounos o lugar onde estaba o aseo para o poñer á nosa disposición. A meniña, que xa catara os diferentes niveis idiomáticos, tiroume da saia para me dicir cerca da orella ao se afastar un pouco a anfitriona:

- Dona Carmen fala como os libros.

No salón de comer estaban os obxectos máxicos dun museo, destacando o piano con candelabros para a luz das velas. Naquel teclado oculto interpretaran música mulleres dunha familia culta. Mireya Dieste, a sobriña que estaba con Carmen, non se atreveu a arrancarlle unha melodía pensando na súa afinación. Inda así, eu escoiteino e mireino, porque aquel negro lustroso enfronte do meu asento á mesa tiraba por quen adora os pianos, sonoros ou mesmo mudos. Unha rianxeira, enloitada ao estilo das mulleres de antes, serviunos xoubas exquisitas e polo con mazás asadas arredor, prato que se converteu nun referente se quero agasallar con elegancia e sabor delicado a unha amizade. Sentaba tamén á mesa unha moza noviña, Milka, neta de Mireya, que viña de percorrer Europa. Finalizado o xantar, Milka baixou os nenos á ribeira. Levaba un caderno e deulles alí unha lección de debuxo que recordan moi ben. Díxolles que o máis difícil é conseguir os reflexos do sol no mar. Cando marchamos, levamos a moza connosco para que coñecese Santiago e permaneceu na nosa casa algúns días.

Como a Casa dos Dieste se está musealizando, entroume moita gana de repetir o día singular no que entrei en Rianxo a través dunha vivenda histórica, señorial e literaria. Logo coñecería os outros moitos Rianxos e acabaría facéndoos meus e querendo ser eu deles. Porque cómpre coñecelos todos para gozar e sentirse con orgullo dunha vila e dun Concello únicos pola súa veciñanza e polo que repesentan para Galicia e o mundo.



REFORMAS
E F S.L
CONSTRUCCIONES
Eduardo Fernández Carou - Asadelos 8 - Asados - RIANXO
Telfs: 981862931 - 650329822

TANXIL
restaurante
playa de tanxil / rianxo
Bautizos, Comuniones, Menú del día, Cenas de empresa, etc.
Haga su reserva:
Telf: 981860454, 680483476

rotularama
comunicación visual
Telf: 981 86 1210
Marquesa 25, Asados
15984 Rianxo
A Coruña
info@rotularama.com
www.rotularama.com




Muebles MUÑIZ
Tfno. 658 999 103 - Fax 618 988 765
FONTEFRÍA - Carretera Noia-Santiago - LOUSAME
Tfno. 981 862 374 - Fax 981 843 830
AMANECIDA - BOIRO

# Non te embarques rianxeira...

Sandra Ferreiro García

Naquel momento non estaba pensando coa cabeza, senón que era o seu corazón o que actuaba por ela. Primeiro escoitou o son das ondas, despois sentiu a area baixo os pés. Non era consciente dos seus pasos, só quería finxir que había solución, que non pasara nada ou que todo volvería ser coma antes.

Estaba soa, perdida, acabada, nada tiña xa sentido... Unha e outra vez eses pensamentos daban voltas pola súa mente, impedíndolle ver a fermosa posta de sol que tiña diante e sentir os últimos raios caer sobre a súa pel morena.

Chegou xunto a unha barquiña e empurrouna con todas as súas forzas; recendía a laranxa aínda que apenas o apreciou. A auga do mar acaricioulle os pés e por primeira vez dubidou do que pretendía facer. Non era sensato, nin lóxico, nin prudente, pero era o único que lle podía devolver a paz que perdera.

Cando a auga lle chegou pola cintura, subiu á barca e as ondas comezaron a afastala da praia. Ela deitouse sobre as táboas de madeira e escoitou o mar, aquel que lle arrebatara á persoa que máis quería. Sen el, xa non era capaz de ver a luz no seu mundo.

—¡Guadalupe! —gritou alguén.

Ela pechou os ollos e concentrouse nas ondas que movían a barca. Aínda non asumira que el non volvería sorrirlle, porque cando o atoparan non levaba con el o seu amuleto, porque ata que recuperara o amuleto do fondo do mar non se atrevería a comprender que todo o que estaba sucedendo era real.

—¡Guadalupe! —escoitou de novo.

Non podía ser, quen a ía chamar se estaba? Estaba soa.

Ergueuse un pouco e unha brisa fresca fíxoa tremer; o mar estaba máis revolto e o ceo máis escuro.

—¡Guadalupe! ¡Volve!

Volver... Podía volver a esas alturas? Serviríalle de algo? Alzou a mirada cara á praia e por fin recoñeceu a quen a estaba chamando; era un veciño de Rianxo xunto a moitos outros veciños que axitaban as mans.

—¡Volve! ¡Estamos aquí para todo o que precises! —exclamou unha muller desta volta.

Houbo máis persoas que trataron de facela entrar en razón, pero nada do que dicían era o que ela precisaba, porque non intentou regresar.

Os veciños miraban con mágoa cara a ela e cada parte do corpo dela transmitía a súa fonda angustia. Pero entón houbo un movemento entre o grupo da praia e unha rapaza marchou para regresar pouco despois. Repartiu algo entre os veciños e a sorpresa que sentiron reflectiuse nas súas faces.

Ela contemplou a escena afastándose pouco a pouco, sen comprender o que pretendían. Pechou de novo os ollos e só confiou no son das ondas, mais un rumor empezou a cobrar forza dende a costa.

Abriu os ollos e a escuridade que chegara coa marcha do sol desaparecera; cada veciño suxeitaba unha luz coa man, unha bengala. De pronto, sentiu que o ambiente quecía, ou quizais era algo no seu interior o que deixaba de estar tan frío.

» *Ondiñas veñen, ondiñas veñen, ondiñas veñen e van...*

Eran todas as súas voces as que conseguían chegar ata a barca.

» *Non te embarques rianxeira, que te vas a marear...*

Ela sorprendeuse moito e xirou un pouco a barca para non seguir avanzando mar a dentro e poder escoitar a canción.

» *A virxe de Guadalupe, cando vai pola ribeira...*

Era posible que lle estivesen cantando a ela? Botou os remos a ambos lados da pequena barca e moveunos en dirección á praia; o amuleto podería buscalo noutro momento, pero a canción só a cantarían nese instante.

» *Descalciña pola area parece unha rianxeira...*

Cando quixo decatarse, unha morea de persoas corría pola auga para achegar a barca á area.

*Ondiñas veñen*, sacárona con coidado de alí, *ondiñas veñen*, déronlle a ela tamén unha bengala, *ondiñas veñen e van*, todos iluminaron o ceo cos resplandores que suxeitaban.

*Non te embarques rianxeira*, ela xa non se sentía soa e comezou a aceptar que todo era real, *que te vas a marear*, e soubo que tiña persoas coas que podía compartir a súa a dor.





Tú eliges cómo ahorrar
5 céntimos/Litro
Mi BP
Estación de Servicio
bp
Parque Empresarial de Té - Parcela n.º 3
Telf.: 981 86 17 15 - grupohm.carsan@gmail.com
En la rotonda de acceso a la autovía del Barbanza




HNOS. MIGUENS
GRUPO HM
EXCAVACIONES Y TRANSPORTES
DEMOLICIONES Y DERRIBOS
SERVICIO DE TRACTOR CON GRUA Y GONDOLA
DESBROZADO DE PISTAS Y MONTES
ROTURACIONES Y PLANTACIONES
LIMPIEZA DE PLAYAS CON MAQUINA
COMPRA Y VENTA DE MADERA Y LEÑA
M. 609 875 360 / 76 T./F. 981 861 715
C/. Buhía, 19 - ARAÑO - RIANXO (A Coruña)

# 12 martes

| | |
|---|---|
| $10_{00}$ | Dianas e alboradas<br>**BANDA DE MÚSICA DE RIANXO** |
| $12_{00}$ | na Praza Virxe de Guadalupe<br>**Debuxo na rúa** |
| $12_{00}$ | Cultura urbana na Praza Virxe de Guadalupe<br>**SKATE PARK ata as 20h** |
| $12_{30}$ | Cultura urbana no Skate Park<br>**Obradoiro de SKATE** |
| $13_{00}$ | Concerto da banda na Praza da Igrexa<br>**BANDA DE MÚSICA DE RIANXO** |
| $14_{00}$ | Sesión vermú na Praza Castelao<br>**LA OLA ADN** |
| $17_{00}$ | Cultura Urbana na Praza Virxe de Guadalupe<br>**Obradoiro de SKATE** |
| $18_{30}$ | Recibimento ás autoridades na Praza Castelao<br>**DÍA DE PADRÓN** |
| $18_{30}$ | Cultura urbana na Praza Virxe de Guadalupe<br>**OBRADOIRO INFANTIL DE BEATBOX** |
| $19_{30}$ | Día de Padrón no Campo de Arriba<br>**BANDA DE MÚSICA DE PADRÓN** |
| $21_{00}$ | Cultura urbana no Paseo de Manuel Antonio<br>**Mostra de BEATBOX** |
| $22_{00}$ | Cultura urbana na Rúa de Abaixo<br>**Mostra de BEATBOX** |
| $23_{00}$ | Cultura urbana na Praza da Igrexa<br>**Mostra de BEATBOX** |
| | Verbena<br>**LA OLA ADN – PARÍS DE NOIA** |

HEMPEL
J.C.H.
Estd 1915

FERRAXERIA
aurora
Atalaia, 22 - Tel: 981 863 175
ASADOS - RIANXO

Cardide
Vapesa Recambios
Mecánica Rápida
Pousada, nº 8 - Araño
15984 Rianxo (A Coruña)
981 86 33 88
cardidevapesa@gmail.com

COMERCIAL
DUARTE S.A.
MAQUINARIA AGRÍCOLA, FORESTAL E XARDIÑEIRÍA
Amanecida, 35 - Puente Beluso
15990 BOIRO (A Coruña)
Tel. 981 862 393
www.comercialduarte.com
Grillo
Husqvarna




cenor
tiendas de electrodomésticos

ROT - Electrodomésticos - Punto de venta CENOR

C/ Faustino Rey Romero, nº 3 Bajo
CP 15920 Rianxo - A Coruña
Telf. 981860204
facebook.com/Cenor-Rot

#yocomproenmibarrio #somosdiferentes

ROT
RAMON Y OSCAR TUBIO, S.L.
INSTALACIONES Y MANTENIMIENTOS

INSTALACIONES Y SERVICIOS ROT

ALMACÉN
Ctra de Rianxiño, nº1 Bajo

OFICINAS
Faustino Rey Romero, nº3 Bajo

CP 15920 Rianxo - A Coruña
Telf. 981 86 02 04

rotsl@rotsl.com

www.rotsl.com

# Ollando no alén...
# Monstros de auga e vento

Xosé Manuel Lobato

Fiel e puntual chega a grande cita de Rianxo, a celebración das súas festas para venerar a virxe da Guadalupe, a icona moreniña destas terras rianxeiras.

Os que non somos nativos, aínda que admiramos con intensidade esta vila mariñeira e as súas xentes, non entendemos un Rianxo que non mire ao mar, ese mar cantado por Manuel Antonio que por veces agarima e outras moitas fere con crueza. Tampouco visualizamos nin imaxinamos esta vila sen as festas da Guadalupe.

Monstros de auga e vento,
laiar do mar na borraxeira,
chorar dos faros no pestanexar.

Porén, a felicidade dunha celebración de arraigo profundo na poboación, tamén trae á memoria a pegada dos intres de tristura que sempre nos acontecen ao longo dese convulso xiro arredor do fogón solar.

Monstros de auga e vento,
bruar de cons na escuridade,
loitar das ondas nos farallóns.

Incontables son os que fuxiron no último ano da inspiración terreal, con eles van as vivencias comúns e tamén o seu gozar da festa. Vivir a festa e ser parte dela é algo do que xa non volveran a participar.

Monstros de auga e vento,
nadar na bravía marusía,
sobre magoados hipocampos.

Imperturbable e dogmático o ciclo vital non deixa rachar a cadea, outros se incorporaran a celebración deste 2017, eles son os elos fortes da cadea que aseguran o futuro, así como os que recollen a testemuña daqueles participantes por derradeira vez no 2016.

Monstros de auga e vento,
noitebra de berros aterrados,
corpos nas rochas magoados.

Amar a festa, malia a dor e a tristura, profunda no amor por aqueles que che deixaron, venerar o que eles veneraron, gozar do que gozaron e conservar o que con tanto sacrificio nos deixaron.

Monstros de auga e vento,
rachan vidas decididas,
xentes de coraxe,
que na terra e no mar
deixaron a súa equipaxe.

Ese é o tributo da sega derradeira, algunhas veces inxusta, ou case sempre incomprendida. Mais os acordes da festa non deben esmorecer, nesa sinfonía de esmorga temos unha sólida razón para seguir loitando con eses monstros de terra, auga e vento. Estes monstros non descansan, non entenden de festas e sempre están ao axexo.

Malia tantos xiros e reveses inesperados, a festa é o antídoto de todas as adversidades. Por iso, vivir a festa é achegar unha lucerna de vida a todos os que nos deixaron. Vai por todas e todos eles, a festa coa vida segue...

Inédito, maio 2017



Monstro mariño, detalle dun mapa Mercator
(Gerardus Mercator, 1569 - Bibliothèque nationale, Paris.
Public domain, vía Wikimedia Commons)


ESTACIÓN DE SERVICIO
Meroil
Embarcaciones y Vehículos
Puerto de Rianxo • T. 981 860 312
NEUMATICOS
SOTO, S.L.
Ourolo - Taragoña (Rianxo)
T. 981 861 680 - 680 800 298
Meroil
ESTACIÓN DE SERVICIO










Felipe Ces s.l.

MATERIAIS DE CONSTRUCCIÓN
E
SANEAMENTO

**ASADOS - RIANXO**
Tfnos. 981 861 511 - 981 862 201
Fax 981 861 204

**BOIRO**
Edif. Tenencia
Tfno/Fax 981 844 900

e-mail: felipeces@gmail.com


Follas Novas
FRESAS
Especialidad en tartas de
queso y nata con frutas.
Bautizos, comuniones, bodas, fiestas...
Encargue aquí sus postres-
Hospital, 7 - RIANXO - Tfno. 981 86 60 94


BEEP RIANXO
Tu tienda de informática y telecomunicaciones
No tienes acceso a internet,
va demasiado lento???
TENEMOS LA SOLUCIÓN!!!!
simyo
MÁSMÓV!L
R
Roxelio Pérez nº 4, Baixo C
15920 – Rianxo (A Coruña)
BEEP Rianxo
brianxo@beep.es
981 866 372


BAR ABUÍN
E
CHIRINGUITO
OS BOS AMIGOS
O PARAISO DE RIANXO
EXISTE NA PRAIA DAS CUNCHAS
Tfnos. ABUÍN 981 86 02 90
CHIRINGUITO 616 04 03 87


boiropadel
www.boiropadel.com
cupón
válido por
un partido
* un cupón por jugador
Polígono Industrial de Espiñeira
Parcela 18 – Nave A-B
15930 BOIRO (A Coruña)
Teléfono 981 845 586
5
pistas

Revista das Festas da Guadalupe de 1953

xentileza de José Carballo





1953

FIESTAS PATRONALES

NUESTRA SEÑORA DE GUADALUPE

Durante los días 12, 13, 14 y 15 de Septiembre





HIJOS DE FRANCISCO GARCIA, S. L.

Almacén de Hierros y Aceros - Ferretería

Maquinaria Agrícola e Industrial

Materiales de Construcción

Artículos Sanitarios

BAZAR — MUEBLES

RADIOS TELEFUNKEN

ARTICULOS DE CAZA Y PESCA

Agentes exclusivos de: UNION ESPAÑOLA DE EXPLOSIVOS

URALITA

PADRON

Cesáreo de la Fuente

Almacén de Vinos al por Mayor

TELEFONO 68 PADRON

FELICIANO

RIANJO

Club de Mar

Casa García

Calzados y Paquetería

RIANJO

"Fiestas de Guadalupe"

PROGRAMA

SABADO DIA 12 — VISPERAS

A las doce horas, dianas por la Banda Municipal de Rianjo

De 1 a 3 de la tarde, Concierto en la Alameda

A las ocho de la tarde, retretas por la Banda Municipal de Rianjo.

A las 9 de la tarde, comienzo de la VERBENA a cargo de la citada Banda, que terminará a altas horas de la madrugada.

A la una, quema de un artístico ...

"RIANXEIRA"

Fábrica de Gaseosas

Teléfono 5 RIANJO

CINE RIANXO

"El Mundo en sus Manos"

RIANJO

EULOGIO

CAFE-BAR-RESTAURANTE

Plaza del Generalísimo RIANJO

**Domingo 13**

PROCESION MARITIMA

PARTIDO DE FUTBOL

VERBENA

José Bouzada López

Almacén de Coloniales, Aguardientes, Vinos, Sidras y Cervezas

VILLAGARCIA DE AROSA

BAR ELA

CAFE-RESTAURANTE-HOTEL

ULTRAMARINOS

Juan Domínguez Varela

RIANJO

JUAN GARCIA DOMINGUEZ

CALZADOS Y PAQUETERIA

RIANJO

**Lunes día 14**

CARRERA CICLISTA

PARTIDO DE FUTBOL

CELESTINO SILVA RUIZ

FERRETERIA

MATERIALES DE CONSTRUCCION

Teléfono 305 VILLAGARCIA DE AROSA

Juan Antonio Benito Bayero

Los mejores artículos a los mejores precios

RIANJO

ALFONSO ROLAN SAMPEDRO

Teléfono 330 Villagarcía de Arosa

Juan Sobrino Pereira

FERRETERIA-EFECTOS NAVALES

MATERIALES DE CONSTRUCCION

VILLAGARCIA DE AROSA

**Martes día 15**

MISA SOLEMNE

JINKANA CICLISTA

ORQUESTA SPALLANT

SIMPATICA FIESTA INFANTIL

VERBENA

Establecimientos "EL HOGAR"

Muebles—Objetos de Arte—Antigüedades

VILLAGARCIA DE AROSA

JOAQUIN CAMBESES REY

Ferretería y Ultramarinos

Teléfono 9 RIANJO

José Riveiro Davila

BICICLETAS Y ACCESORIOS

REPARACIONES

BICICLETAS DE ALQUILER

Plaza del Generalísimo RIANJO

SERVICIOS DE VIAJEROS

Transportes Terrestres

SERVICIOS SEMANALES

TRANSPORTES MARITIMOS

OTROS SERVICIOS

Casa "Chucha"

HOSPEDAJE CAFE-BAR

Rianjo

HIJOS DE FRANCISCO OTERO

EFECTOS NAVALES

MATERIALES DE CONSTRUCCION

VILLAGARCIA DE AROSA

Almacenes Somoza

Ultramarinos y Paquetería

BOIRO - PUEBLA - RIANJO

Teléfono 6 BOIRO (Coruña)



# Comercial Rubén, SL

**Empresa Rexistrada Nº RIGA 15016272**

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

MINISTERIO DE INDUSTRIA, TURISMO Y COMERCIO

**Fontanería** Instalacións / Mantementos
Nº FO15000015

**Electricidade** Categoría Especialista
Nº 12-B-D1a9-15016272

- Instalacións / Reparacións electricidade
- Eficiencia Enerxética, Iluminación Led
- Sistemas automatización: portais , Portas Automáticas, mandos

**Instalacións Térmicas**
Instalacións /Mantementos
Nº 12-B-D20-15016272 / 12-B-E20-15016272
*** Operador Industrial de Caldeiras** Nº PO-00394
- Calefacción
- Climatización

**Produtos Petrolíferos** Instalacións / Mantementos
Nº 12-B-D41-15016272 / 12-B-E40-15016272

- Depósitos Gasóleo caldeiras
- Depósitos Combustible vehículos

**Gases Fluorados** Instalación e Mantemento Equipos de Sistemas con Gases Refrixerantes (climatización, sist. Frigoríficos)
Nº FLF-15000086

**Gas A** Instalacións / Reparacións
Nº 12-B-D30-15016272
Nº CA-03389 e CA-03997 Axente posta en marcha, mantementos e reparación de Aparatos a Gas e adecuación (Certificación CONAIF)
- **Revisión Oficial Gas**



**Servizos Biocidas**
**Empresa Rexistrada Nº 0350**

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE
Dirección Xeral de Saúde Pública

Control de Plagas — DDD

- Desinfectación
- Desinsectación
- Desratización



**Telecomunicacións**
Tipo A e C Rexistro Nº 5657

- Antenas TV, Centrais TV
- Porteiros automáticos, Videoporteiros, Control Accesos

**Enerxías Renovables**
Electricidade Nº 12-B-D1a9-15016272 / Inst. Térmicas Nº 12-B-D20/E20-15016272 /Fontanería Nº FO-15000015

**Equipos a Presión** Instalación / Reparación
Nº 12-B-D61-15016272 / 12-B-E61-15016272

- Compresores, Equipos Aire Comprimido

**Contraincendios** Instalacións / Mantementos
Nº 12-B-D/E-15016272

- Revisión - Venda Extintores / Centrais Alarma
- Detección, Extinción / Revisión contraincendios embarcacións



***Legionella*** Prevención e Tratamento Instalacións AQS (Auga Quente Sanitaria, Climatización, equipos deportivos).
Empresa Rexistrada:
- Consell. Industria: Instalacións—Mantementos Instal. Térmicas
- Consell. Sanidade: Servizos Biocidas Nº 0350, *Legionella*






**Comercial Rubén, SL**

**Rúa Rianxiño, 62**
**Rianxo 15920 A Coruña**

**981 86 6606**
**comercialruben@hotmail.com**


Empresa Asociada a FONCALOR

# 13 mércores

| | |
|---|---|
| 10:00 | Dianas e alboradas<br>**BANDA DE MÚSICA CULTURAL DE ARCADE** |
| 12:00 | Xogos tradicionais nos Xardíns da Ribeira<br>**XOGANDO MIUDIÑO**<br>Espazo de xogo con brinquedos tradicionais |
| 12:00 | Día dos nosos maiores na Igrexa Parroquial<br>**Misa dedicada aos nosos maiores** |
| 13:00 | Concerto da banda na Praza da Igrexa<br>**CULTURAL DE ARCADE** |
| 14:00 | Sesión vermú na Praza Castelao<br>**PONTEVEDRA** |
| 15:00 | Día dos nosos maiores<br>**XANTAR DE CONFRATERNIDADE** |
| 18:00 | Concerto da banda na Praza da Igrexa<br>**CULTURAL DE ARCADE** |
| 19:00 | Pasabares<br>**CHARANGA BB+** |
| 20:00 | Maxia, malabares e monicreques na Praza da Igrexa<br>**GHOP!** |
| | Verbena<br>**PONTEVEDRA – GRAN PARADA** |


ben
papelería librería
LIBRERÍA
PAPELERÍA
IMPRENTA
PRENSA
REVISTAS
COPISTERÍA
URB. MARTELO
C/. F. Rey Romero, Nº 7
981.866.443 - www.ben.es
ben@ben.es


CACHARRON
Asesores de Empresa
LABORAL - FISCAL - CONTABLE
COMUNIDADES
Pza. Virxe de Guadalupe, 2-3 1º - RIANXO
Tfnos. 981 86 64 18 - 981 86 60 89 - Fax 981 86 67 01
info@cacharron.net


BAR O
PORTUGUES
Tfno. 653 094 269 - RIAL - LEIRO - RIANXO


asteleiros
CATOIRA
www.astilleroscatoira.com
TLF: 981 860 457
FAX: 981 860 742
MÓVIL(ES): 607 400 248
627 560 225
A OLEIRA
VIDAL - OLIBINA
4ªVILL-3-14-03

# Tres historias para ler e pensar

X. Ricardo Losada

**Cancións de nenos**

Poucas cousas me sorprenden máis que a memoria. Leva ducias de anos comigo e non lle collo o punto. Que criterios utiliza para recordar unhas cousas e esquecer outras é para min un misterio. Por que non recordo, por exemplo, o meu primeiro día de colexio e si a primeira vez que oín a palabra *callán*, unha palabra que lembro con frecuencia, a pesar de que hai anos que non a utilizo nin a escoito dicir. Teño ducias de recordos dese tipo, pero un dos que máis me sorprende, e ao que lle teño un cariño especial polas escasas expectativas de vida que a lóxica lle daba, é esta especie de copla que recitabamos na cuadrilla da miña nenez: "Silencio en la sala que llega Kubala con una chavala". É oír a palabra silencio, e recordala. É oír a palabra Kubala, e recordala. É oír a palabra chavala, e recordala. Pero non só iso. É unha expresión que volve a min con moita frecuencia sen que haxa ningunha circunstancia que o explique.

Pasoume hai pouco lendo un fermoso poema de Manuel Antonio titulado *Cancións de nenos.* Comeza así: "Xa non sei cantar cancións de nenos / -Cantan os nenos na eira / os seus poemas pequenos-/ *Vicente do dente.../ Miñoto calzudo../ Manolo carolo...".* Pois xa non puiden lelo sen a banda sonora de "Silencio en la sala que llega Kubala con una chavala". Tendo en conta que Manuel Antonio defendía o monolingüismo en galego, por que carallo recordaba esa parvada en castelán e non algunha das coplas galegas que cantaba miña avoa? Tendo en conta que Manuel Antonio era un poeta vangardista, por que recordaba semellante ripio e non un daqueles trabalinguas escolares que tanto me gustaban? Tendo en conta que Manuel Antonio era independentista e ansiaba unha República Galega, por que recordaba un xogador húngaro que adestrara a selección española de fútbol e non, poño por caso, un líder irmandiño?

